

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA DO 29 DE MARZO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde (ausentouse ás 9,10 h)

Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen (ausentouse ás 9,10 h)

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena (incorpórase ás 9,23 h)
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de marzo do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa,

Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(44).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 30.01.2017).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2017.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(45).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO “DÍA INTERNACIONAL DO POBO GITANO” O PRÓXIMO DÍA 8 DE ABRIL DE 2017. REXISTRO PLENO 1522/1101.

ANTECEDENTES.- A Fundación Secretariado Gitano de Vigo presenta un escrito, con entrada no Rexistro do Pleno o 6 de marzo 2017, número 1522/1101, solicitando a lectura dun manifesto con motivo da celebración do Día Internacional do Pobo Gitano, o 8 de abril.

Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional.

“Con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, 8 de abril, o Concello de Vigo quere sumarse a esta celebración que lembra o Primeiro Congreso Xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971, no que se instituíu a bandeira e o himno xitano.

Nun proceso de avance no necesario e xusto recoñecemento institucional do pobo xitano, este símbolos poderán ser empregados protocolariamente nas conmemoracións, actos e eventos institucionais relativos ao pobo xitano, posto que o pasado 9 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade unha Proposición de Lei pola que “o Congreso insta ao Goberno a declarar o 8 de abril coma o Día do Pobo Xitano, recoñecendo a bandeira azul e verde cunha roda vermella de 16 radios e o *Gelem Gelem* como himno do Pobo Xitano”.

Dende os poderes públicos debemos contribuír a ese recoñecemento institucional a unha comunidade cunha historia e cultura propias, asentada en España dende hai xa máis de cinco séculos e que, con todo, segue sendo a minoría máis rexeitada socialmente tanto en España coma en Europa.

Este Día Internacional do Pobo Xitano debe ser un día de celebración para os xitanos e xitanas, o que cada vez máis debemos sumarnos as institucións e o conxunto da sociedade. É un día para lembrar a historia do pobo xitano, o seu longo e penoso peregrinase de expulsións ao longo dos séculos, un día para lembrar ás vítimas do xenocidio nazi e de tantas persecucións ao longo da súa historia.

Este 8 de abril é unha oportunidade para recoñecer á comunidade xitana como parte da nosa cidadanía, mostrar a realidade diversa e plural do pobo xitano e poñer en valor as súas aportacións á construción da nosa sociedade.

A pesares dos avances que xa se produciron nas últimas décadas, a comunidade xitana segue sufrindo uns niveis de pobreza e exclusión que revelan a gran fenda de desigualdade que lles impide moitas veces o pleno exercicio dos seus dereitos. Os elevados índices de fracaso escolar entre o alumnado xitano, as dificultades das persoas xitanas para acceder ao mercado laboral, a situación de infravivenda de moitas familias, lastran calquera oportunidade de avance social. A iso hai que sumar a mala imaxe social da comunidade xitana, baseada en prexuízos e estereotipos moi arraigados na nosa sociedade, que xorden moitas veces do profundo descoñecemento, e que xeran situacións de rexeitamento e discriminación.

Os poderes públicos teñen a responsabilidade de garantir a igualdade de tódolos cidadáns, tamén dos xitanos, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducilas desigualdades sociais, combater a discriminación e o antixitanismo, e favorecer a participación activa de xitanos e de xitanas en tódolos ámbitos e espazos da nosa sociedade.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é unha boa ocasión para visibilizar a comunidade xitana e celebrar este día xunto aos nosos concidadáns xitanos e xitanas, e pedimos ao conxunto da sociedade que se sume a esta conmemoración.”

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(46).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 6.03.17, POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E OS MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO 2018-2020. EXPTE. 41/142 (REXISTRO PLENO 1523/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 6 de marzo de 2017, que di o seguinte,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo art. Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2018-2020, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2016 e a previsión da liquidación do ano 2017.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHFP e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2017.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2018 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Vistas as avaliacións e cálculos para a obtención dos marcos orzamentarios para o período 2018-2020.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHFP), quedando limitado á Entidade Local, ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e a Fundación MARCO.

SEGUNDO.- Aprobar os marcos orzamentarios para o período 2018-2020 contido nas seguintes táboas, que teñen a súa base técnica na Liquidación do Orzamento aprobada do ano 2016 e a prevista para o ano 2017.

Taboa de gasto consolidados

Capítulos	2017	%Variación	2018	%Variación
A) Detalle Gasto Corrente N.F				
1	61.758.439,00		68.731.459,73	
2	114.613.287,92		120.004.102,20	
3	3.515,00		7.000,00	
4	24.483.480,00		27.196.887,03	
5	600.000,00		600.000,00	

Total G. Corrente N. Financeiro	201.458.721,92	7,49%	216.539.448,96	0,55%
B) Detalle Gastos capital Financ.				
VI	18.361.000,00		25.990.306,26	
VII	305.000,00		350.000,00	
Gasto capital NF	18.666.000,00	41,11%	26.340.306,26	-14,06%
Total Gasto N. Financeiro	220.124.721,92		242.879.755,22	
C) Detalle Gastos Capital Financ.				
VIII	508.838,00		672.860,00	
IX				
Total Gasto Financeiro	508.838,00		672.860,00	
Total Orzamento	220.633.559,92	10,39%	243.552.615,22	-1,03%

2019	%Variación	2020
69.418.774,33		70.112.962,07
120.364.114,50		120.725.206,80
7.000,00		7.000,00
27.332.871,46		27.469.535,82
600.000,00		600.000,00
217.722.760,29	0,55%	218.914.704,69
22.287.192,50		23.416.872,61
350.000,00		350.000,00
22.637.192,50	4,99%	23.766.872,61
240.359.952,79		242.681.577,30
672.860,00		672.860,00
672.860,00		672.860,00
241.032.812,79	0,96%	243.354.437,30

Estado de ingresos consolidados

Capítulos	2017	%Variación	2018	%Variación
A) Detalle de ingresos corrientes				
I e II	114.560.437,61		114.752.079,77	
IBI	66.583.230,91		66.559.101,00	
IAE	13.252.154,65		13.384.676,20	

IVTM	14.479.293,87		14.624.086,81	
IIVTNU	6.400.000,00		6.200.000,00	
ICIO	1.609.744,78		1.625.842,23	
Cesión Tributos Estado	12.236.013,40		12.358.373,53	
III. taxas e outros ingresos	40.581.917,24		40.987.736,41	
IV. T. correntes	74.081.437,56		75.832.251,93	
FCF	62.711.034,24		63.338.144,58	
Resto transferencias e subvencións	11.370.403,32		12.494.107,35	
V. ingresos patrimoniais	1.878.898,13		1.897.687,11	
Total I. Corrente N. Financeiro	231.102.690,54	1,02%	233.469.755,22	0,89%
B) Detalle Ingresos Capital N.F				
VI				
VII. Subv. De capital	4.577.903,00		9.410.000,00	
Ingresos capital NF	4.577.903,00	105,55%	9.410.000,00	-48,80%
Total Ingresos N. Financeiros	235.680.593,54		242.879.755,22	
C) Detalle Ingresos Financeiros				
VIII	508.838,00		672.860,00	
IX	.00		.00	
Total Ingreso Financeiro	508.838,00		672.860,00	
Total Orzamento	236.189.431,54	3,12%	243.552.615,22	-1,03%

2019	%Variación	2020
115.637.600,57		116.733.976,57
67.224.692,01		67.896.938,93
13.518.522,96		13.653.708,19
14.770.327,68		14.918.030,95
6.000.000,00		6.000.000,00
1.642.100,65		1.658.521,66
12.481.957,27		12.606.776,84
41.397.613,78		41.811.589,91
76.590.574,46		77.356.480,20
63.971.526,03		64.611.241,29
12.619.048,43		12.745.238,91
1.916.663,98		1.935.830,62
235.542.452,79	0,97%	237.837.877,30
4.817.500,00		4.843.700,00
4.817.500,00	0,54%	4.843.700,00
240.359.952,79		242.681.577,30
672.860,00		672.860,00
.00		.00

672.860,00		672.860,00
241.032.812,79	0,96%	243.354.437,30

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2017	Variación	2018	Variación
Saldo operacións correntes N.F	30.643.968,62		16.930.306,26	
Saldo operacións capital N.F	-14.088.097,00		-16.930.306,26	
Saldo operacións non financeiras	16.555.871,62		,00	
(+/-) axustes, SEC-2010	-6.432.369,02		2.654.066,52	
Capacidade (+) / Necesidade (-)	10.123.502,60		2.654.066,52	
Débeda viva a 31/12	,00		,00	
A curto prazo	,00		,00	
A longo prazo	,00		,00	
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados	,00	0,00%	,00	0,00%

	2019	Variación	2020
	17.819.692,50		18.923.172,61
	-17.819.692,50		-18.923.172,61
	,00		0,00
	2.654.066,52		2.654.066,52
	2.654.066,52		2.654.066,52
	,00		0,00
	,00		0,00
	,00		0,00
	,00	0,00%	0,00

TERCEIRO.- Remitir telematicamente a información a través da aplicación de captura de datos que ten o MINHFP na súa páxina web oficial antes do 15/03/2017.

CUARTO.- Autorizar a remisión da información ao Sr. Interventor Xeral Municipal.

QUINTO.- Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta efectivamente da remisión ao Ministerio de Facenda en función pública do perímetro de Consolidación do Orzamento para o 2018 e para os anos seguintes, trátase de dar cumprimento a unha obriga que ben establecida pola Lei de Estabilidade Orzamentaria que establece a obriga dos concellos, neste caso de remitir ao Ministerio de Facenda antes do 15 de marzo do ano seguinte, as liñas fundamentais do Orzamento para o vindeiro ano e para os anos seguintes, polo tanto, estamos xa no proceso de elaboración do Orzamento para o 2018 e hai que sinalar que mentres outros concellos desta mesma comunidade autónoma de Galicia, non se teñen sequera un Orzamento para este ano 2017, seguen co orzamento prorrogado, polo tanto, en Vigo si que cumprimos efectivamente con esa obriga de comunicar as nosa liñas xerais e só destacar esa importancia de estar xa preparando o terceiro orzamento desta lexislatura, é dicir, faise unha programación axeitada tanto dos ingresos como dos gastos, tendo en conta a evolución tendencial e as medidas prevista como direi a continuación.

En definitiva, trátase con esta obriga de facilitar o control por parte de Ministerio de Facenda da Estabilidade Orzamentaria, do nivel de endebedamento dos concellos, do cumprimento da Regra de Gasto e da previsión da evolución dos ingresos e tamén da previsión de evolución dos gastos.

Hai que dicir que esta información debe de remitirse por obriga lega, tanto en termo de previsión de liquidación deste ano 2017, como da programación que se vai facer nos exercicios 2018, 2019 e 2020. O ámbito desta información inclúe os entes do sector público local, hai que ter en conta que o Concello de Vigo ten unha participación na empresa de servizos funerarios, tamén na cidade universitaria e no Consorcio do Casco Vello pero sobre todo son datos referidos á entidade local, á Xerencia Municipal de Urbanismo e á Fundación Marco, que está financiada maioritariamente por este Concello.

En termos de estabilidade orzamentaria hai que dicir que os ingresos que se van obter e se prevén obter serán maiores ou iguais en todo caso, as obrigas recoñecidas, todo isto calculado en termos SEC, dos regulamentos da Unión Europea, e hai que dicir que isto obriga a ter en conta os ingresos do ano corrente dos dous anos anteriores, polo tanto, trátase dunha previsión axustada e que ten conta a realidade dos ingresos deste Concello, faise o axuste derivado da devolución do axuste no Fondo Complementario de Financiamento.

En canto aos gastos téñense en conta a partida real, os contratos de xestión dos servizos públicos e as transferencias e investimentos, é dicir, trátase dunha evolución tendencial de ingresos de gastos sen sobresaltos, sen novidades e tamén hai que dicir que non se adopta ningunha decisión de aumento de gasto ou de ingresos, polo tanto, non hai reaxustes nos servizos ou maiores cargos presupostarios, hai que dicir tamén que no tocante á Regra de Gasto a liquidación do 2016 é o punto de referencia, o goberno xa publicou a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto, polo tanto, temos que axustarnos a esa taxa de referencia aprobado polo goberno de España no pasado mes de decembro e iso será o significativo.

Por facer referencia a algunhas das Liñas Fundamentais dos gastos para os vindeiros anos, no capítulo I que é no que se reflicte o gasto de persoal, pois se contempla esa actualización do 1% que incluso se fixo pública hoxe mesmo e así o recolle a prensa do 1% do salarios dos funcionarios, no capítulo II téñense en conta as previsións iniciais e a variación tendencial que se computa, é unha variación tendencial neta dun 0,3%, polo tanto, leve crecemento deste capítulo II, tendo en conta tamén por certo o gasto derivado do programa DUSI e dos aforros.

Hai que indicar que no capítulo de investimentos faise referencia á incorporación de 10,6 millóns de remanentes que serán executados nun 93% neste ano, os investimentos para este ano 2017 é tamén se contemplan as achegas do proxecto DUSI, do proxecto de Desenvolvemento Urbano Sostible que ten este Concello que permitirá facer obras de importante transformación nesta cidade como pode ser a Porto do Sol, a Panificadora, as escaleiras entre o Auditorio e a rúa Camelias, a obra de Gran Vía, o Avenida de Madrid ou o Estadio de Balaídos, polo tanto, investimentos que cambiarán a faciana desta cidade nos vindeiros anos.

No tocando aos ingresos pártese desa evolución tendencial ordinaria normal que

suporá un mantemento dos niveis impositivos actuais, polo tanto, evolución tendencial nestas directrices rendidas ao Ministerio de Facenda.

SR. PÉREZ CORREA: Nós tampouco moito que dicir sobre todo porque este procedemento é obrigado do Ministerio de Facenda, máis que nada obrigado entre outras cousas para que as axencias de rating teñan unha lectura plurianual do que vai pasar nos concellos, nós só dúas cuestións, unha está resolta precisamente porque hoxe mesmo coñecíamos o que vai ser a subida, a valoración no capítulo I do que vai ser salarios dos traballadores/as públicas, é certo que eses marcos estatais nos seguimos pensando que é absolutamente insuficiente para recuperar a perda de valor, de riqueza e de masa salarial dentro dos traballadores públicos, hai dúas cuestións que si que non nos gustan dos marcos orzamentarios que precisamente como é unha foto fixa, quizais os marcos orzamentarios son como os marcos das fincas, ás veces móvense, pero parece ser que seguimos a facer política en proxeccións orzamentarias moi longas e nós hai dúas cuestións que si que queríamos poñer en cuestión, unha é pois que nos imos meter nun marco orzamentario ata o ano 2020 onde non se contempla unha variación en base ao imposto máis importante que pagan os vigueses/as como é o IBI, e repito porque creo que xa no anterior Marco Orzamentario poñíamos enriba da mesa a necesidade de reformular, aquí fálase tamén dunha subida crecente nos anos que acolle este Marco, unha crecente subida do IBI, é certo que unha subida estimada no un e pico por cento nos anos sucesivos ao ano 2017, pero claro nós tendo un dos tipos máis altos de Galicia, o noso tipo de IBI sobre o tipo urbano un dos máis altos pois si que podemos intuír que non se vai modificar ese tipo e que imos manter ese tipo durante polo menos ata o ano 2020, evitando posiblemente unha variación do tipo, non o importe total do IBI, pois que podamos baixar dentro das posibilidades legais ese tipo do IBI como digo urbano e que podamos facer unha política un pouco de intentar votar unha man tamén aos petos dos vigueses/as, entendemos que iso non vai ser así e que se vai a manter esta proxección ata o ano 2020 e imos seguir mantendo ese incremento que para nós é bastante oneroso para a gran parte da cidadanía viguesa. Só esa cuestión, resolta unha vez a cuestión do capítulo I que seguimos a pensar que as proxeccións do ministerio non resoven en gran medida o que foi a perda de poder adquisitivo estes anos dos

traballadores públicos porque tamén quero lembrar que no anterior Marco Orzamentario tamén se falaba dunha subida escasa dun 1% do capítulo I, pensamos que aí si que nós non temos marxe de traballo, pero en todo caso facer constar a nosa preocupación porque se segan axustando os capítulos I dunha maneira tan concisa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar sinalar que a vostedes lles gusta como sempre presumir e para iso o refraneiro español é moi sabio, “dime de que presumes e direiche de que careces”, porque parecería lóxico e razoable falar con orgullo dunha boa xestión económica se que é esta fora boa, pero é que vostedes presumen e esaxeran en positivo de aquilo que xustamente máis adoecen porque se vostedes veñen aquí a falar de boa xestión económica, ou de xestión económica, deberían empezar en primeiro lugar por pedir desculpas por ter presentado este documento fora de prazo, din que cumpren, só faltaba que non enviaran o documento, pero cumpren con atraso, sempre andan a presumir de que son os máis rápidos de España, que son os máis listos e os que pagan en menos días e resulta que envían os Marcos Orzamentarios a Madrid fora de prazo.

En segundo lugar tamén deberían de recoñecer a súa incompetencia á hora de xestionar as contas públicas, miren, no Pleno do mes pasado de febreiro, tróuxose aquí a liquidación do Orzamento do 2016, o que é o mesmo o comportamento dos ingresos e dos gastos durante o ano pasado e non me dirá que unha boa xestión económica e estar machacando permanentemente aos cidadás de Vigo cos maiores impostos de Galicia e coas maiores multas de tráfico de Galicia e logo nin sequera investir o recadado. Non me dirá que é unha boa xestión económica machacar a impostos aos vigueses para despois ter en caixa preparados ata 97 millóns de euros e non me dirá que é unha boa xestión ter ademais os impostos máis altos de Galicia, pagar pola auga que non consumimos, a auga máis cara de Galicia, pagar polo IBI máis alto de Galicia, pagar polo transporte urbano máis caro de Galicia e logo para que? Se nin sequera os vigueses se poden beneficiar do transporte metropolitano e os vigueses estamos a pagar por un transporte que non teríamos que estar pagando só por boicot do Alcalde, iso si, dentro dun intre o Alcalde vai deixar o Pleno, como sempre, xa o deixou, vaise ir ao aeroporto, para que? Para pagar billetes de avión subvencionados a Edimburgo a persoas que

poden vir de Portugal, de Madrid, de A Coruña, de calquera sitio pero aos vigueses que van en autobús tódolos días a traballar fora de Vigo, vostedes lle seguen machacando e impedindo que teñan o seu transporte gratuíto, iso si para a xente que se vai de ponte fora, pois iso subvencións para os avións e para Ryanair.

Agora toca enviar a Madrid estes Marcos Orzamentarios 2018-2020 que veñen a anunciar por onde se vai mover o Concello en canto as contas se refire, algo que se fai por certo dende que goberna o Partido Popular en España para cumprir con esa función de control, que obriga á Lei de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira. E sobre estas previsións que vostedes envían lémbreme un pouco á canción de Julio Iglesias que dicía “a vida segue igual”, non se preocupen non lla vou cantar, se fora o Alcalde igual lla cantaba porque está agora moi cantarín e moi bailarín, eu non lla vou cantar, pero a vida segue igual porque deste documento se extraen dúas conclusión unha, que vostedes non teñen previsto e van seguir con esa fixación de non baixar os impostos durante os próximos anos, vostedes non van baixar os impostos dos próximos anos, hai aí un razoable descenso, prevén un razoable descenso do imposto sobre a plusvalía municipal porque haberá que modificar ese imposto pero imos seguir pagando o IBI máis alto de Galicia e imos seguir pagando por uns impostos que ao final logo non se ven traducidos na cidade.

E por outro lado, a outra conclusión porque a vida segue igual, é que tampouco teñen pensado reducir os gastos correntes senón que os van seguir aumentando, pero o máis escandaloso é o que ven na páxina 13 do documento, e é que xa estamos estando a marzo, xa recoñecen que como moito só imos executar o 65% dos investimentos para este ano, isto é unha vergoña e é escándalo para un concelleiro de Economía.

SR. ANEIROS PEREIRA: Parece que o representante do Partido Popular non escoitou o que aquí se expuxo, tampouco estivo no Pleno de liquidación do Orzamento porque parece que ben co guión escrito da casa, imos ver, primeiro, a comunicación faise en tempo, decreto do Alcalde de 6 de marzo do 2015, enviada antes do 15 de marzo de 2017, polo tanto en prazo, o que se fai neste Pleno é dar conta, pero como vostede non quere ser claro e lle gusta xogar a esta ilusión da cidadanía e dicir que temos os impostos máis altos, a auga máis alta, é que

vostede está a mentir, xa llo dixen no Pleno de liquidación dos orzamentos, xa llo dixen con datos, enxeñeille uns gráficos da presión fiscal das cidades de Galicia, somos a cidade de Galicia coa presión fiscal máis baixa que existe neste intre. Vostedes non comparan o que teñen que comparar no recibo do IBI, hai valor catastral por unha banda e tipos impositivos por outra, é certo que os tipos son o que son, pero o valor catastral de Vigo é o máis baixo das cidades de Galicia, cóntolle algúns detalles, Vigo na rúa Príncipe un inmovible medio 308,70 euros de IBI, Ourense na rúa Progreso 540 euros, en A Coruña na rúa Real o mesmo inmovible 480 euros, en Santiago de Compostela na rúa Alfredo Brañas 510 euros, en Pontevedra na rúa Benito Corbal 448 euros, en Ferrol na rúa Real 346 euros, polo tanto, o IBI máis baixo das cidades de Galicia se tomamos as rúas céntricas e comerciais, os datos falan Sr. Fidalgo, polo tanto, vostedes menten e se empeñan en intentar repetir unha mentira para que se converta en verdade, non é certo. Nas multas, non pretenderán defender a aqueles que cometen algunha infracción, non quero pensar que vostedes son os defensores dos que cometen infraccións porque as multas non as decide o Concello, decídenas os infractores, non fagan de novo política ficción para dicir que se poñen multas.

Quitou vostede dous temas máis, o tema do aeroporto pois si este goberno está moi orgulloso de ter un aeroporto que funciona, de ser o único goberno que apoia o aeroporto, o único aeroporto que está en crecemento en Galicia, o Aeroporto de Peinador, o noso, porque para a cidade é importante que o aeroporto funcione.

Si, efectivamente trátase dunha foto fixa a data de 15 marzo do 2017, pero as fotos fixas admiten por certo, cambios e os cambios prodúcense, polo tanto, non hai ningún problema en adaptar o Marco Orzamentario aos cambios que vaian sucedendo no IBI, si que quero recalcar ademais de que non é o IBI máis alto, porque non é así, os datos reflícteno, hai que analizar tamén as bases impositivas, os valores catastrais, non é o IBI máis alto de Galicia ao contrario é o máis baixo de Galicia o que se fai é incorporar aos novos obxectos tributarios que teñen orixe ou que xurdiron do proceso de regularización catastral que fixo o Ministerio de Facenda, polo tanto, non hai cambios de IBI.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que

queda enterado.

4(47).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2016. REXISTRO PLENO 1531/1101.

ANTECEDENTES: Con data 14 de marzo de 2017, o Presidente do Tribunal Económico-Administrativo emite a seguinte memoria do ano 2016,

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2016, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de 12 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na súa condición de contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflitividade fiscal.

No ano 2016 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións , bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos.

No exercicio 2016, celebráronse 30 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 249 asuntos. O que supón unha media lixeiramente superior ás dúas sesións por mes. Estes datos

reflicten unha continuidade e normalidade da actividade respecto ao exercicio anterior.

As modificacións referentes a notificacións e á Administración Electrónica en xeral supuxeron no ano 2016 unha ardua laboura de adaptación dos procedementos do TEA (que, lembremos, funciona có seu rexistro propio). Isto, unido ó incremento no número de reclamacións presentadas, supuxo unha acumulación no número de expedientes pendentes a fin de ano con respecto ós pendentes no ano anterior. O proceso, nembargantes, parece superado, de tal xeito que á data da emisión da presente xa nos atopamos na orde das cen reclamacións pendentes, existindo previsión de rematar o ano en curso sin practicamente reclamacións pendentes de resolución.

Ó longo do exercicio 2016 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2016/01	catorce de xaneiro de dous mil dezaséis	2
2016/02	vinteoito de xaneiro de dous mil dezaséis	1
2016/03	quinze de febreiro de dous mil dezaséis	1
2016/04	vintenove de febreiro de dous mil dezaséis	1
2016/05	oito de marzo de dous mil dezaséis	12
2016/06	once de marzo de dous mil dezaséis	1
2016/07	dezaseis de marzo de dous mil dezaséis	1
2016/08	trinta e un de marzo de dous mil dezaséis	2
2016/09	quinze de abril de dous mil dezaséis	12
2016/10	vintenove de abril de dous mil dezaséis	12
2016/11	trece de maio de dous mil dezaséis	2
2016/12	trinta e un de maio de dous mil dezaséis	12
2016/13	dez de xuño de dous mil dezaséis	24
2016/14	trinta de xuño de dous mil dezaséis	12
2016/15	once de xullo de dous mil dezaséis	11
2016/16	vintenove de xullo de dous mil dezaséis	11
2016/17	vintecinco de agosto de dous mil dezaséis	12
2016/18	trinta e un de agosto de dous mil dezaséis	1
2016/19	nove de setembro de dous mil dezaséis	11
2016/20	dezaséis de setembro de dous mil dezaséis	5
2016/21	dezanove de setembro de dous mil dezaséis	16
2016/22	vinteún de setembro de dous mil dezaséis	1

2016/23	vintenove de setembro de dous mil dezaséis	14
2016/24	sete de outubro de dous mil dezaséis	9
2016/25	vinteseis de outubro de dous mil dezaséis	3
2016/26	catro de novembro de dous mil dezaséis	12
2016/27	dezaioito de novembro de dous mil dezaséis	1
2016/28	vintedous de novembro de dous mil dezaséis	11
2016/29	dous de decembro de dous mil dezaséis	16
2016/30	vintedous de decembro de dous mil dezaséis	20
TOTAL		249

Reclamacións económico-administrativas	
Pendientes a 01/01/2016	112
Presentadas no exercicio 2016	3
	4
	2
Total	454

Tramitación de reclamacións económico-administrativas	
Acumuladas, arquivadas, devoltas, caducadas e desestamentos	12
Resoltas	182
Tramitadas no exercicio 2016	1
	9
	4
Pendientes a 31/12/2016	20
	4
Total	39
	8

Tramitación por órganos	
Sala	2
	3
<i>Informes</i>	3
<i>Dictames</i>	6
<i>Reclamacións</i>	13
Estimadas parcialmente	1
Desestimadas	2
Inadmitidas	10
<i>Outros</i>	1
Órganos unipersonais	169
<i>Reclamacións</i>	168
Estimadas	5
Estimadas parcialmente	1
Desestimadas	152
Inadmitidas	9
<i>Recursos de anulación</i>	1

Estimados	1
Total	1 9 2

Notificacións	
Internas	201
Externas	1 5 3
Total	35 4

Recursos contencioso-administrativos interpostos	
Recursos contencioso-administrativos interpostos	11
Total	11

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta do funcionamento da Memoria do órgano Económico-Administrativo deste Concello de Vigo, hai que dicir que a existencia do órgano Económico-Administrativo do Concello de Vigo derívase da Lei 57/2003, de Medidas de Modernización do Goberno Local e que só afecta só ás grandes cidades e polo tanto, Vigo como grande cidade, no caso de Galicia, ten este órgano Económico-Administrativo que ten como función atender as reclamacións que fagan os contribuíntes sobre os tributos de competencia local. Neste ano 2016 hoxe réndese conta aquí, realizáronse 30 sesións de Pleno deste órgano Económico-Administrativo e recibíronse un total de 342 reclamacións económico-administrativas, experimentábase un leve crecemento respecto ao ano

anterior pero hai que dicir que a maior parte delas xa foron resoltas, hai unha resolución de 142, quedaban pendentes algo así como 200 reclamacións económico-administrativas das que xa se deu boa conta. Por acumulacións e desestamentos de reclamacións experimentábase unha redución dunhas 15 reclamacións económico-administrativas, polo tanto, este órgano funciona con normalidade atendendo a estas reclamacións.

Por facer algunha lectura dos datos que se arrojan desta Memoria do órgano Económico-Administrativo, hai que dicir que dalgún xeito as resolucións deste órgano Económico-Administrativo reflicten ou avalan os criterios mantidos pola administración municipal, posto que a maior parte das reclamacións son en sentido favorable ao criterio mantido polos órganos administrativos, sen prexuízo de que tamén hai, resolucións nas que se atende as reclamacións presentadas polos contribuíntes, pero hai que dicir que o índice de conflictividade é baixo porque tan só once desas resolucións remataron na vía xudicial e sendo algunha delas significativas derivadas das empresas de telefonía que discuten a aplicación da taxa do uso do dominio público pola instalación de redes e demais instalacións de prestación deste servizo de telefonía, polo tanto, tan só once resolucións que rematan nos xulgados e de 342 é unha porcentaxe baixa para esta Concello polo tanto, reflicte o bo funcionamento dos órganos administrativos municipais.

Hai que dicir, por dar algún dato, pois que nalgún caso trátase de recursos motivados por esas empresas ou despachos especializados en recursos, trátase no caso das multas ou máis recentemente no caso da plusvalía, do imposto sobre o incremento do valor de terreos que absorbe un gran número de reclamacións, derivados tamén da profesionalización dos recursos e a partires de aí como dicía, recursos propostos por empresas que discuten a aplicación dalgunha taxa como a da telefonía ou situacións de recursos propostos por contribuíntes, no caso das multas, porque o feito de propoñer unha reclamación nas sancións tributarias interrompe a execución, directamente é un motivo de suspensión e polo tanto é un motivo que anima tamén ao recurso, é dicir, o órgano Económico-Administrativo funciona con normalidade, resolve as reclamacións que propoñen os cidadás e os contribuíntes nesta materia e trátase duns números aceptables no tocante a reclamacións, posto que por outra banda os servizos municipais non só fan o seu traballo senón que tamén prestan o necesario servizo de información e de

asistencia aos contribuíntes no cumprimento das súas obrigas polo tanto, esta información que se presta en ventanillas ou se que presta directamente a través das informacións que solicitan os contribuíntes de forma oral ou escrita, pois clarexa a aplicación dos criterios da administración municipal e evita tamén o rexurdimento de conflitos innecesarios. Polo tanto, estas reclamacións resolven aqueles supostos nos que os contribuíntes queren dalgunha forma defender ata ao final o seu criterio e propoñen a súa reclamación económico-administrativa que da lugar a esa resolución expresa, motivada e que no seu caso pode ser motivada, en calquera caso si quero destacar ese baixo número de recursos xudiciais fronte a resolucións, tan só once recursos fronte ás 342 reclamacións económico-administrativas propostas. Así que é un número que confirma ese bo funcionamento do servizos municipais.

SR. PÉREZ CORREA: Nós como no anterior informe felicitar aos traballadores públicos que fan esa función porque é unha parte descoñecida por moitos veciños/as da posibilidade de recorrer a este tribunal e non ter que ir precisamente á vía xurídica, que podería incluso atrasar en tempo a presentación de recursos ou as reclamacións que sobre cuestións derivadas dos impostos que fai gran parte da veciñanza da nosa cidade, felicitar precisamente porque son traballadores/as do Concello que ademais teñen as súas propias funcións, ademais de pertencer a este Tribunal e polo tanto o seu traballo é para nós absolutamente importante, meritorio.

Só dúas cuestións, quizais unha cuestión que se podería resolver con máis recursos, descoñecemos cales son os motivos pero si que é certo que hai certo atraso, entre exercicios, da tramitación de expedientes, se vemos aquí o montante de reclamacións e de tramitacións desas reclamacións, pois do ano 2015 quedaron 112 pendentes e incorporadas as 342 do ano 2016, fan un total de 454, resolvéronse 194 e volvéronse deixar pendentes, entendemos que para este 2017, case o 50%, 204 reclamacións, entendemos que un Tribunal composto por tres persoas ten tamén a capacidade de obra que se pode entender, pero gustaríanos tamén se podería axilizar precisamente a tramitación dentro do exercicio, dentro do ano das sucesivas reclamacións que fan os veciños/as, pois simplemente poñendo máis recursos para esta función, entendo que é un tribunal que se reúne

con bastante asiduidade, 30 sesións nun ano, é un número aceptable pero van quedando entre anos bastantes reclamacións que quedan pendentes, entendemos que tamén pode ser por algunha cuestión documental ou de procedemento, pero tamén nos gustaría saber se coa asignación de recursos se solventaría que practicamente o 50% das reclamacións queden pendentes dun ano para outro.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días a nós e aos medios de comunicación porque xa ven vostedes o éxito que se ten porque só hai un cidadá que está interesado no que aquí se diga, isto é a onde chegamos despois destes anos, isto debería facer reflexionar e seguen ademais coa teimosía de non querer transmitir e esa falla de transparencia fai que o que digamos aquí quede aquí e pouco máis gracias aos medios de comunicación polo menos por estar hoxe aquí.

Dende o grupo municipal do Partido Popular o que queremos é tamén felicitar e agradecer a labor dos membros do Tribunal Económico-Administrativo, personalizándoa en toda e cada un dos seus membros, empezando polo Sr. Presidente, D. Albino Rodríguez e continuando polo seu vocal D. Miguel Pola e tamén polo secretario D. Lorenzo Penela, así como tamén recoñecer a labor da persoa a cargo das tarefas administrativas da compañeira Mariló.

Este é un órgano que leva 12 anos en funcionamento, creado cando o Partido Popular gobernaba na cidade de Vigo ao amparo da lei de grandes cidades porque como dixó correctamente nesta ocasión o concelleiro de Facenda esta creación deste órgano está prevista para unha poboación superior a 200.000 habitantes, sobre o IBI non podo estar de acordo Sr. Aneiros, porque vostede agora mesmo acábao de recoñecer, quen está a mentir sobre o IBI? Vostede recoñece que temos o tipo de IBI máis alto de Galicia, isto é o que depende do Concello de Vigo, o valor catastral non é o dos máis altos de Galicia por que? Porque isto non depende do Concello de Vigo, o valor catastral depende do Ministerio de Facenda, se de vostedes dependera tamén teríamos o valor catastral máis alto de Galicia.

Este órgano, o Tribunal Económico-Administrativo é un órgano técnico, que na práctica serve e é bo que todo o mundo o saiba, agora só faltaba que se metera cos avogados e vostede creo que é do gremio, non? Pero é bo que todo o mundo o saiba e que os cidadás de Vigo o saiban porque na práctica este organismo serve para recorrer por non estar de acordo por exemplo, cunha multa de tráfico, unha

sanción, un imposto que ao mellor estase a facturar dunha maneira incorrecta e o TEA evita trámites como o de ter que ir ao tribunal contencioso-administrativo, así como ata 2014 constatábase un aumento das reclamacións ante este órgano, moitas veces por defectos de notificación, caducidade, prescrición de impostos ou taxas, vemos como dende o 2014 estase por sorte, investindo esta tendencia e está a baixar o número de reclamacións tratadas e presentadas, de 349 o ano pasado a 249, o cal supón un descenso do 40%. Isto non quere dicir que haxa menos traballo porque nos consta que hai casos complexos como por exemplo, o IBI da Universidade, como asuntos que teñen que ver coa Tesourería da Seguridade Social e que obrigan a empregar bastante máis tempo aos membros do Tribunal.

Non parece da mesma idea o Alcalde de Vigo, porque despois de cargarse na práctica e na teoría a Fundación Provigo, porque cargouna cando no 2008 despediu, polo artigo 33, ou sexa porque lle deu a gaña ao antigo xerente indemnizándoo con 163.000 euros, iso fixo quebrar a Fundación Provigo e fixo que agora uns crecementos mínimos e leves do Aeroporto de Vigo que agora fala de 900.000 pasaxeiros xa estean tirando foguetes, tirando foguetes estaríamos en tempos da Sra. Corina Porro e do Sr. Figueroa cando no Aeroporto de Vigo había máis de 1.400.000 pasaxeiros, por certo, e sen subvención de ningún tipo, agora gastándonos 9 millóns de euros de subvención resulta que non temos bos baratos nin voos a París, nin a Londres, voos caros a Madrid que é por certo, onde soe viaxar máis xente, agora a Edimburgo e a Boloña si que están baratos pero nos custan 9 millóns de euros, iso que facerllo mirar.

Por certo, esta Fundación Provigo que xa non serve para nada para o que se fundou, case tódolos membros se foron e os que non se van xa nin sequera pagan.

SR. ANEIROS PEREIRA: En relación cos números, coas reclamacións presentadas ante este Tribunal Económico-Administrativo trátase dun número levemente maior ao do ano anterior polo tanto, funciona con normalidade e o que se experimenta e por iso a presenza deses recursos masivos fronte a actos, hai que dicir que en relación co volume dalgunhas reclamacións presentadas fundamentalmente por empresas operadoras, os recursos son voluminosos no tocante á documentación que se achega, polo tanto, tárdase o tempo preciso en revisar os datos e a

documentación que se presenta, é certo que se o goberno de España liberalizase digamos a taxa de reposición e a posibilidade de contratar e establecer postos de traballo no caso das administracións públicas, a organización podería ser moito mellor, non estamos nunha organización mala pero podería ser moito mellor insisto, se o goberno de España axeitase mellor os números do capítulo I de persoal nas distintas administracións. En todo caso trátase duns tempos razoables, se facemos a comparación, eu si que son do gremio, no que tarda o Tribunal Económico-administrativo que resolta os recursos da administración autonómica e da administración central que están en torno a un ano, ano e pico, na administración local tardamos moito menos, que pasa, se hai algunha reclamación presentada no último trimestre do ano, evidentemente, vai quedar pendente para o ano seguinte, pero estamos xa nese traballo de reducir estes tempos tamén de resposta aos cidadáns, pero insisto, hai casos no que os recursos masivos ou ben con documentación voluminosa atrasan o funcionamento axeitado do órgano Económico-administrativo.

Xa noutro ton, porque os que xogamos ao baloncesto aprendemos ben dos partido da NBA que é o que se chama “os minutos do lixo”, iso é un pouco o que veu a facer o Sr. Fidalgo, encher eses tres minutos que ten o grupo Popular para falar dunha memoria falando doutras cousas porque imos ver, volvemos ao tema dos impostos, insisto, temos a presión fiscal máis baixa de Galicia, lle guste ou non lle guste a vostede, lle guste ou non lle guste ao Partido Popular, presión fiscal máis baixa de Galicia e se queren vólvollo repetir, presión fiscal máis baixa de Galicia.

Segundo, nas fundacións, como Provigo, cando a Xunta de Galicia se vai, de todo, porque de Vigo foise de todo, o Concello entra e defende a cidade como é o seu compromiso, non o Concello, o goberno, este goberno encabezado polo Sr. Abel Caballero.

No tocante ao aeroporto, é capital para unha cidade como Vigo, industrial, cosmopolita e aberta a todos e este goberno foi e este goberno é o único que apoia os voos na cidade, tamén os voos nacionais, eu entendo que a vostede lle guste ter un voo a Madrid para ir e vir quizais no día, deixar o Senado vir a Vigo pero tamén apoiámos tódolos voos os nacionais e os Internacionais porque consiste en consolidar este aeroporto na cidade.

PRESIDENCIA: O Partido Popular dicía que se produce unha indemnización en Provigo hai un anos, unha indemnización que para que todo o público coñeza e tódolos concelleiros coñezan, viña derivada dun contrato blindado que lle fixera o goberno do Partido Popular na cidade, a un ex alto cargo da Xunta de Galicia que chegaba de volta a Vigo. Queda dada a conta.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(48).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RECUPERACIÓN DO ANTIGO HOSPITAL DO REBULLÓN E IMPLANTE SERVIZOS SOCIOSANITARIOS PÚBLICOS COMO PODEN SER RESIDENCIA XERIÁTRICA, CENTRO DE DÍA, ETC. REXISTRO PLENO 1532/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2017, número 1532/1101, a concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O peche do antigo hospital do Rebullón, en xaneiro do 2016, cun total de 25.666 metros cadrados de construción, rodeado por 6 hectáreas de terra supón ter

inutilizado un edificio con moitas posibilidades de uso. O uso actual é de menos de 16.000 metros cadrados; estando a inmensa maioría del nos anexos ao edificio principal: dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e Almacén de Historias Clínicas. O edificio Principal está destinado maiormente ao almacenamento de mobiliario e equipamento sanitario en diferentes graos de conservación, mais unha mínima parte que ven sendo a base da ambulancia medicalizada do 061.

Neste momento está pendente de definir o destino de este edificio; sobre ese aspecto o director da área de saúde de Vigo, Felix Rubial, manifestou cando se fixo o traslado do Psiquiátrico o seguinte: "considero que é "a sociedade" quen debe decidir cal é destino.."

Consideramos que é o momento de definir o destino destas instalacións, das que pode beneficiarse a comarca e área sanitaria de Vigo, coa implantación de servizos de atención pública sociosanitaria nas mesmas.

Existen carencias de servizos públicos sociosanitario na Comarca e en Galiza. 1.700 persoas agardan por unha praza nunha residencia para maiores: coa habilitación de este edificio poden paliarse as necesidade neste sentido e outros, tales como Centro de Día, Atención á muller etc etc

Este edificio público, está nun entorno natural moi agradábel con numerosos espazos verdes , nun lugar tranquilo con amplo aparcadoiro, fácil acceso para a veciñanza da comarca polas seguintes características: ampla vía diante, tránsito do transporte público con paradas no Alto de Puxeiros, e na proximidade dos pasos e cruces das Autovías A55, AP9, AG57; constituíndo así unha excelente accesibilidade que facilitaría o servizo público que nel se instaurase.

O deterioro do Edificio e entorno xa se observa e acrecentarase co paso do tempo se non se toman medidas de recuperación e uso activo de este importante recurso propiedade da Xunta de Galiza. De modo que, calquera demora na recuperación (actualmente máis dun ano) dificulta e encarecerá a adecuación, feito que incide na urxencia de darlle unha solución.

Por todo iso, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguinte

ACORDO

1.-Instar á Xunta de Galiza que en breve prazo leve a cabo a recuperación do antigo Hospital do Rebullón e organice a implantación de servizos sociosanitarios públicos como poden ser Residencia Xeriátrica, Centro de Dia etc. que beneficien á veciñanza da comarca e de Galiza."

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende a Marea de Vigo imos a presentar unha proposta que se está levando a varios concellos da contorna e da área sanitaria de Vigo e que é a recuperación do Hospital do Rebullón. O peche do antigo Hospital do Rebullón, en xaneiro do 2016, cun total de 25.666 metros cadrados de construción e rodeado por seis hectáreas de terreo, supón ter inutilizado un edificio con moitas posibilidades de uso. O uso actual é de menos de 16 metros cadrados, estando a inmensa maioría del nos anexos ao edificio principal, dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, COGAMI, e almacén de historias clínicas. O edificio principal está destinado maioritariamente ao almacenamento de mobiliario e equipamento sanitario en diferentes graos de conservación, máis unha mínima parte que ven sendo a base da ambulancia medicalizada do 061.

Neste momento está pendente de definir o destino deste edificio, sobre este aspecto o director da área de saúde de Vigo, D. Félix Rubial, manifestou cando se fixo o traslado do psiquiátrico o seguinte: “considero que a sociedade é quen debe decidir cal é o seu destino”, consideramos que é o momento de definir o destino destas instalacións, das que pode beneficiarse a comarca e a área sanitaria de Vigo, coa implantación de servizos de atención pública socio sanitaria nas mesmas.

Existen carencias de servizos públicos socio-sanitarios na comarca e en Galicia, 1.700 persoas agardan por unha praza nunha residencia para maiores, coa habilitación deste edificio pódese paliar as necesidades neste senso e tamén noutros, tales como un centro de día, atención á muller o outros varios.

Este edificio público está nunha contorna natural moi agradable con numerosos espazos verdes, nun lugar tranquilo, con amplo aparcadoiro, fácil acceso para a veciñanza da comarca, pola que pasa unha ampla vía diante, cun tránsito de transporte público con paradas no Alto de Puxeiros, e nas proximidades dos pasos e cruces das autoestradas A-55, AP-9, AG-57, constituíndo así unha excelente accesibilidade que facilitaría o servizo público que nel se instaurase.

O deterioro do edificio e a súa contorna xa se observa e acrecéntase co paso de

tempo, se non se toman medidas de recuperación inmediatas é uso activo deste importante recurso propiedade da Xunta de Galicia, de modo que calquera demora na recuperación, actualmente xa hai máis dun ano, vai para dous, dificulta e encarecerá a adecuación, feito que incide na urxencia de darlle unha solución.

Esta mesma proposta, como xa dixen antes, estase a debater xa en varios concellos da comarca e aprobouse por unanimidade en Mos, no Porriño, en Tui e en Cangas, agora mesmo está rexistrada, pendente de debate en Gondomar e en Redondela, tamén está presentado un trámite por parte de do grupo de Marea no Parlamento de Galicia, a data de 12 xaneiro do 2017. Por todo isto solicitamos a este Pleno instar á Xunta de Galicia que en breve prazo, leve a cabo a recuperación do antigo Hospital do Rebullón e organice a implantación de servizos socio-sanitarios públicos como poden ser residencia xeriátrica, centro de día, etc. que beneficien á veciñanza e comarca de Galicia.

Insistimos en que este acordo non sexa un simple trámite, nin unha declaración de intencións senón que o Alcalde de Vigo se interese activamente ata conseguir que a Xunta de Galicia cumpra co prometido e co o que a cidadanía lle está a esixir.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Estamos de acordo en que o Rebullón trátase dunha infraestruturas ben comunicada, nun entorno tranquilo e que fixo que funcionaria como hospital psiquiátrico durante moitos anos, a pesares de ter utilizada unha parte importante neste momento con COGAMI, o 061, o arquivo de historias e o almacén de mobiliario e equipamento se que é certo que quedan moitos metros cadrados sen utilizar. A demanda de centros socio-sanitarios é maior cada día e en concreto as residencias de maiores por envellecemento da poboación e unha maior lonxevidade.

O centro ten titularidade pública, pertence á Xunta de Galicia e darlle un novo destino no menor prazo de tempo posible parece razoable. Trátase aínda así dunha estrutura que precisa dunha reforma moi importante para dotar das comodidades necesarias para un centro adicado a persoas dependentes ou con mobilidade reducida.

É probable que haxa que facer un novo edificio se o que se pretende é crear unha área de hospitalización, unha residencia moderna e acorde ás necesidades que implica un centro novo do século XXI.

Descoñecemos o investimento que suporía levar a cabo, por exemplo unha residencia de maiores nas instalacións actuais ou se habería outras opcións máis eficientes. Necesítase un estudo das posibilidades reais do edificio e se o seu estado de conservación permitiría albergar novos servizos socio-sanitarios.

Voto de menos na súa moción algo máis de concreción acerca dos servizos que se propoñen e o que implicaría a nivel de recursos públicos facer estas actuacións, de todas formas vendo que é unha proposta razoable e pendente aínda de estudo imos apoiar a súa proposta para que se inicie un estudo para o posible aproveitamento do Rebullón como centro de servizos públicos socio-sanitarios para a área sanitaria de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa moción si ben é verdade que se informou que está aprobada nos Concellos de Mos e de Porriño a nós parécenos unha certa, dígoo cariñosamente, descortesía sen ter falado institucionalmente co Concello de Mos porque é onde está o domicilio oficial do centro de Rebullón.

Logo tamén entendemos que unha proposta deste tipo requiría dunha planificación máis xenérica por parte do Sergas, tanto en relación cos edificios aínda pendentes de asignar e digo isto porque tanto é así que cando nos traballos que se están a facer sobre o novo PXOM nos diriximos ao Sergas e literalmente este contestou que “era boa hora e bo momento para reflexionar sobre estas cuestións”, dito isto é evidente que por parte da Xunta de Galicia non teñen un mapa concreto en canto á utilización destas instalacións e tampouco teñen unha opción moi concreta sobre o que facer por moito que o Sr. Ruibal manifesta o que vostede comenta na súa moción, é e que ademais lembro a cantidade de deberes pendentes que ten a Xunta de Galicia e o Sergas en relación con esta cidade, é dicir, o Centro de Saúde de Bouzas o do Calvario, o da Seara, o de San Roque e o de Balaídos e non só ten pendente estas cuestións e estes centros, evidentemente importantes para a cidadanía, senón que a maiores produciuse neste tempo o peche do de Beiramar, polo tanto, estamos nunha situación na que non hai unha planificación por parte do Sergas e entendemos que isto debería ser proposto nese contexto xeral, parecéndonos ben a moción, é certo, pero tamén queremos facer na nosa intervención algunha salvidade porque unha vez que aprobemos esta moción xa dou por adiantado que como tódalas mocións se trasladará o contido do aprobado,

que entendo que vai ser por unanimidade, por suposto que como en todas, buscaremos a implicación necesaria para que isto poida ser aprobado, pero con algunha salvidade, e é o relativo ao financiamento e nós aquí queremos sinalar que si ben é certo que esta proposta está acertado, o financiamento tería que ser un tema moi en concreto a ter en conta porque logo todos sabemos como funciona a Xunta de Galicia, desfacéndose daquilo que lles corresponde en canto a competencias ou intentando que os concellos asuman parte dos custes, como queira que sabemos como actúan por iso facemos esta salvidade.

Nós imos votar a favor desta moción como non podería ser doutra maneira o que pasa é que queremos que na acta como vai constar o debate entendido que sen inmiscirnos no que corresponde a outros concellos, é dicir, hai que ser conscientes ao menos entendémolo así de que estamos aprobando unha moción que corresponde a un edificio que está noutro concello distinto ao de Vigo e si ben é verdade que se pode argumentar o concepto de área sanitaria de Vigo, de proximidade e de que dera servizo ao conxunto dos concellos, non é menos certo que nese senso si queremos ser escrupulosos, insisto, á hora de non inmiscirnos e isto debería ter un tratamento global.

Polo tanto, novamente insisto, imos votar a favor pero creo que esta é unha parte e que realmente o que é o compromiso da Xunta de Galicia coa cidade de Vigo xa si cidade de Vigo, é moito máis amplo que todo isto e se está a incumprir dende hai moitos anos en detrimento da calidade asistencial dos vigueses.

SR. LÓPEZ BARREIRO: Moitas grazas ao Partido Popular, ao Partido Socialista por votar a favor desta moción, pensamos que evidentemente hai que contar co Concello de Mos e tamén co resto dos concellos da contorna e que lle afecta a rehabilitación deste espazo e pensamos que entre un e outros e a Xunta de Galicia pois terán que negociar e pactar e como será o financiamento e como se pode levar a cabo esa reconstrución, esperamos que todos estean interesados que non sexa como dixen antes unha mera declaración de intencións ou querer quedar ben coa cidadanía e que de verdade se fagan os trámites oportunos para que isto se leve a cabo porque parécenos un desvalemento que ese edificio no sitio que no que está e nas condicións nas que está se deixe que siga deteriorándose e que non se poida facer un aproveitamento del en condicións.

Tamén sabemos que teríamos que meter moitas máis mocións sobre outras instalacións sanitarias de Vigo, pero como só temos unha moción por mes non podemos levalas todas a defendelas, pois iremos pouco a pouco.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2017 (Rex. Nº 1532/1101), pola concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(49).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPULSAR O CAMPUS DO MAR DE VIGO, DOTALO DE CONTIDO E FINANCIAMENTO E A CEDER DE XEITO INMEDIATO OS INMOBLES NECESARIOS Á UNIVERSIDADE DE VIGO, ASÍ MESMO INSTA Á ZONA FRANCA A CONTRIBUÍR CO FINANCIAMENTO. REXISTRO PLENO 1513/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2017, número 1533/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En febreiro de 2009 se asina o Convenio entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento do Campus do Mar. No devandito convenio especificábase que a Zona Franca cederá á Xunta de Galicia as parcelas precisas para a execución do Campus do Mar a vez que se

establece unha cláusula de rescisión que compromete á Xunta á expropiación dos terreos da ETEA, dicindo ademais que a *“Xunta comprométese a incluír no Plan Sectorial o sistema de actuación por expropiación recollendo as circunstancias anteriores e a executar a mesma nun prazo máximo de dous anos a contar dende ou 31 de decembro de 2015”*.

En marzo de 2012 se aproba pola Xunta de Galicia o Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, no cal se establece que o *“plan será promovido e desenvolvido pola iniciativa pública, sendo o seu promotor a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. As actuacións que o requiran, por non accederse á titularidade dos inmobles por adquisición de carácter voluntaria a título oneroso ou gratuíto, desenvolveranse por expropiación forzosa. Correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas o impulso dos expedientes expropiatorios como Administración actuante e dos demais procedementos de desenvolvemento do plan sectorial, en colaboración coa Consellería de Facenda”*.

No mes de xullo do ano 2015, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través da correspondente Escritura na que comparece a Delegada Especial do Estado do propio Consorcio, procedeu a outorgar a favor da Comunidade Autónoma a transmisión dos terreos cas súas edificacións que conforman a ETEA.

O paradoxal é que, a pesar de que a Xunta de Galicia ten a obriga de expropiar os terreos que aínda non sexan da súa titularidade, en contra do sentido común e do Plan Sectorial do campus do Mar, non só renega dos seus compromisos de expropiación senón que pretende revender parcelas que xa son da súa titularidade, como se desprende da proposta de convenio entre a Xunta de Galicia e a Zona Franca de Vigo. Máis estraño resulta aínda o papel da maioría do Comité Executivo do Consorcio que, fronte a reclamar a expropiación dos terreos da ETEA e o pago dos compromisos da Xunta, decide recomprar terreos e ceder unha parcela á Universidade de Vigo.

O Alcalde de Vigo púxose en contacto co Presidente da Xunta en carta enviada o 22 de xullo de 2016. Na devandita carta, tras salientar a necesidade de impulsar o Campus do Mar, pídeselle á Xunta que aclare as actuacións e medidas que está a realizar nesta actuación, así como os motivos polos que a Xunta de Galicia, responsable da política universitaria e a investigación, non cede os terreos da súa titularidade á Universidade de Vigo, en particular os edificios Faraday e Siemens.

Ante a ausencia de resposta do Presidente da Xunta sobre o seu respaldo ao Campus do Mar, a proposta de convenios entre Xunta, Consorcio da Zona Franca e Universidade de Vigo, para a recompra de terreos da ETEA por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a súa posterior cesión á Universidade de Vigo, pon de manifesto que a Xunta de Galicia se desentende deste proxecto, renega do proxecto sectorial do Campus do Mar e abandona o principal proxecto científico-tecnolóxico de Galicia.

Chegouse a argumentar a existencia de documentos asegurando que non era

factible a transmisión dos inmobles directamente á Universidade de Vigo por parte da Comunidade Autónoma, e agora xa se coñece que non hai informe ou documento algún nese sentido. Polo que non existe tal impedimento.

Tamén por parte dalgúns membros do propio Consorcio da Zona Franca de Vigo, se argumentou que a proposta de convenio era unha cancelación de débedas recíprocas, cando tal cuestión resulta ser falsa, pois soamente agocha unha readquisición pola que o Consorcio pagaría 5.500.000 € á Xunta de Galicia por uns inmobles que xa tiña a obriga de ceder á Universidade de Vigo.

Por todo o exposto, se propón a adopción do seguinte ACORDO

O Pleno do Concello de Vigo insta:

- á Xunta de Galicia a impulsar o Campus do Mar de Vigo, dotalo de contido e financiamento e a ceder de forma inmediata os inmobles necesarios á Universidade de Vigo.
- á Zona Franca de Vigo a contribuír ao desenvolvemento do Campus do Mar de Vigo na contía de 5,5 millóns de euros, tal e como se consignan nos presupostos para o ano 2017, e unha vez realizada a cesión por parte da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Traemos hoxe de novo unha moción que ten que ver coa Cidade do Mar e coa cesión dos terreos da Etea, en particular de dúas instalacións para a implantación por parte da Universidade de Vigo do proxecto científico-tecnolóxico da Cidade do Mar, e digo que traemos de novo a este Pleno porque desgraciadamente a pesares dun acordo deste Pleno, no que se instaba á Xunta de Galicia para a cesión deses terreos directamente á Universidade de Vigo, aínda a día de hoxe a Xunta de Galicia non realizou esa cesión. Como vostedes saben o proxecto científico-tecnolóxico do Campus do Mar parte da sinatura dun convenio no ano 2009 polo que a Xunta de Galicia se comprometía a pagar e comprar terreos á Zona Franca de Vigo a cambio de que nesas edificacións non se fixesen edificios de vivenda residencial como era o proxecto orixinal da Zona Franca senón que se instalase alí a Cidade do Mar, o Campus do Mar. Polo tanto, froito dese convenio a Xunta de Galicia comprometíase ao pago deses terreos para as instalacións científicas-tecnolóxicas do Campus do Mar. Esa formalización dese

convenio foi feita incluso mediante escritura pública do 29 xullo do ano 2015, onde efectivamente se trasladaba a propiedade, se cedían polo tanto eses terreos a cambio duns compromisos orzamentarios á Xunta de Galicia, de tal xeito que a día de hoxe o titular deses terreos é a Xunta de Galicia, ademais desa situación, no ano 2012 a Xunta de Galicia aproba o proxecto sectorial da Cidade do Mar, proxecto sectorial que establecía claramente na súa cláusula 6.4 que o órgano promotor da Cidade do Mar é a Xunta de Galicia e polo tanto que ese órgano promotor era o que tiña que poñer a disposición os terreos para a execución do proxecto científico-tecnolóxico do Campus do Mar. A pesares de que o marco está medianamente claro, de que os terreos son titularidade da Xunta de Galicia, de que ten uns compromisos orzamentarios que non cumpriu porque o único desenvolvo económico que se fixo para a Cidade do Mar non o fixo a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, senón que se fixo antes da súa chegada, cando se asinou ese convenio, a pesares de que se pagaron 5,5 millóns de euros por eses terreos e existían outros compromisos orzamentarios, a día de hoxe a Xunta de Galicia promotor desa actuación e ademais aquel que ten que conseguir os terreos e cedelos á Universidade de Vigo, négase a esa cesión, négase a cesión a Universidade de Vigo e ademais diso, promove un acordo coa Zona Franca de Vigo, coa complicidade da Zona Franca de Vigo para que sexa a Zona Franca a que recompre os terreos, é dicir, devolva a Xunta de Galicia a única contía que desenvolveu, 5,5 millóns de euros, e sexa a Zona Franca de Vigo quen ceda os terreos á Universidade. A verdade que isto é o mundo ao revés, é dicir, unha administración que ten a obriga de pagar tódolos terreos, que ten a titularidade dos mesmos, que é responsable da política científica-tecnolóxica, négase a ceder eses terreos á Universidade e insta que outra administración lle recompre eses terreos por 5,5 millóns de euros e iso si, logo lle ceda un edificio á Universidade de Vigo para a instalación dunha edificación que vai ter como obxectivo ese desenvolvemento inicial do proxecto científico-tecnolóxico da Cidade do Mar. O Concello de Vigo dende o primeiro momento impulsou e apoiou o Campus do Mar, o que nos parece un contrasentido, unha chapuza integral e por outra parte que os vigueses directa ou indirectamente, xa sexa a través da Zona Franca ou directamente eles paguen os terreos da Cidade do Mar cando é a Xunta de Galicia a responsable do seu pagamento e da súa cesión.

Por ese motivo traemos aquí esta moción de novo, unha moción que é ben clara, lle pide, o primeiro punto, que a Xunta de Galicia ceda os terreos á Universidade de Vigo de xeito inmediato, que deixe de enredar porque non hai ningún motivo legal, como se puxo de manifesto na solicitude do informe que avalaba que non se podía pagar, que non se podía ceder directamente eses terreos á cidade, e eses terreos á Universidade, polo tanto, en primeiro lugar, que ceda eses terreos de xeito inmediato porque non hai ningún impedimento legal, porque non hai ningún informe que diga que hai un impedimento legal e en segundo lugar, que estamos de acordo en que a Zona Franca decida apostar pola Universidade de Vigo e polo Campus do Mar, e se é así polo tanto, que se desenvolva un programa da mesma contía, 5,5 millóns de euros, para impulsar o desenvolvemento da Cidade do Mar; pero isto é un escándalo, é unha chapuza integral e dunha vez a Xunta de Galicia ten que implicarse con esta cidade cedendo de xeito inmediato os terreos á Universidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós levamos pouco tempo no Concello pero para os concelleiros ou para os medios de comunicación que levan máis tempo debe ser bastante cansino este debate, cansino porque é debate recorrente que volve a cada pouco ao Pleno e con pouca claridade do que se quere facer e de cales son as cuestións e as prioridades que esta cidade quere facer cuns terreos que dende logo naquel momento se compraron ou se enaxenaron do patrimonio do Ministerio de Defensa de maneira chapuceira porque creo que a desafección de terreos militares neste país, ten sido bastante exitosa en moitos concellos, sen ningún tipo de problema, se desafectan terreos militares e se lle da un uso, aquí dende logo, dende o primeiro momento apareceron as prioridades sobre o uso que se lle ían dar a eses terreos, algún deles para nós sospeitosos. Nós cremos que unha dotación destas características pois uso residencial para nós non era prioritario ou non debería selo e nalgún momento planeou o uso residencial, planeou incluso non o uso residencial exclusivamente de vivendas de carácter de protección oficial, senón tamén usos residenciais máis discutibles, e dende logo a participación das tres administracións na carga económica, nos repartos económicos e nas cuestións que teñen que ver no reparto dotacional, pois polo menos foi sospeitoso, porque ata onde nós sabemos o Concello de Vigo tamén participaba cunha participación

de 11,5 millóns de euros que non se deu nunca, polo menos non existe porque non existe ningún exercicio orzamentario que diga que o Concello de Vigo, en base a eses acordos nos que a Xunta de Galicia dispoñía de 18,5 millóns de euros e o Concello de Vigo 11,5 millóns de euros, polo tanto, o Concello de Vigo no seu momento tampouco quixo participar ou logo se redefiniu o proxecto e xa non facía falla a participación económica do Concello de Vigo a cuestión que a nós nos preocupa é que queremos facer cos terreos porque nos últimos meses tamén vimos algunhas propostas case hilarantes como que fora algunhas dotacións da Etea para as familias que son desafuzadas e se quedan sen vivenda, pois primeiro centremos todo o ámbito, non parte do ámbito, non dividamos o ámbito entre o ámbito é que titularidade da Zona Franca ou da Xunta de Galicia e o ámbito que é titularidade do Concello de Vigo, polo tanto, nós imos pedir a través da abstención nesta moción, que se clarexe dunha vez por todas que queremos facer e obviamente ten que ser en acordo e convenio entre as administracións implicadas, porque hai dúas cuestións, nós cremos que mente a Xunta de Galicia cando di que non é posible ceder uns terreos á Universidade como expresou a conselleira Sra. Mato, claro se queremos ceder a titularidade ou facer unha permuta, posiblemente a legalidade sexa discutible ou polo menos ten que efectuarse a través dun convenio xuridicamente avalado, pero se o que imos facer é unha cesión de uso como están facendo moitas administracións, a Universidade de Zaragoza, a propia Universidade de Santiago de Compostela e o Concello, se cede o uso do edificio e o cedemos a un tempo determinado que permita desenvolver nese edificio a actividade que esta cidade considere prioritaria, se consideramos que é o Campus do Mar, perdímos xa moitos anos porque gran parte dos campus de excelencia, os campus do mar, se financiaban con fondos europeos que agora xa non existen e que posiblemente a Universidade de Vigo agora, despois de moitos anos de inanición por parte do Concello e da Xunta de Galicia, a Universidade teña que buscar os recursos seguramente noutros espazos e incluso no financiamento privado de determinadas actuacións no ámbito. Nós seríamos partidarios de que cedera o uso, se é tan difícil, polo menos descoñecemos se hai algún informe, a Xunta de Galicia dixo que había un informe, descoñecemos o contido dese informe, polo tanto, que se ceda o uso, non pasa nada, é unha cousa bastante habitual sobre todo entre administracións públicas e universidades a cesión do uso e

ademais garantir que esa cesión é para o uso educativo e polo tanto, non pode haber operacións especulativas a posteriori por parte dos titulares desas vivendas, non como no seu día con moitas cesións que fixemos deste Concello á Universidade de Vigo a para que logo determinados terreos do campus foran xestionados por sociedades privadas dentro da Universidade.

Polo tanto, a nós nos gusta máis a fórmula de cesión de uso cunha garantía de que o investimento que se faga neses terreos ten unha amortización, un retorno para a universidade que polo tanto se remate esta discusión de debate enconado sobre o que queremos facer neste ámbito, sobre todo porque o financiamento virá no que estea clarificada tamén as cuestións legais e sobre todo, eu creo que a universidade o que quere é claridade sobre o que queremos facer cos terreos da Etea.

Polo tanto, a cuestión patrimonial, eses 5 millóns de euros orzamentarios que hai que imputar en exercicios dentro dos orzamentos da Zona Franca, tamén haberá que clarificar convocando o Pleno dos orzamentos e falando de orzamentos de Zona Franca e que non se están a facer por agora.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é bastante paradoxal que sexa a Sra. Caride a que veña aquí a explicar un convenio que ela mesma impulsou cando era conselleira da Xunta de Galicia, bastante paradoxal, Sra. Caride escoitala hoxe aquí, igual que é paradoxal cando a escoitamos falar do Plan Xeral vostede que foi a principal, xunto co Alcalde de Vigo, facedora de que neste momento levemos máis dun ano sen Plan Xeral nesta cidade, e agora ven aquí a intentar dar leccións, leccións de que Sra. Caride? Leccións de asinar un convenio dende a Xunta de Galicia coa Zona Franca e co Concello de Vigo absolutamente leonino, tanto para a Xunta de Galicia como para o Concello de Vigo, leonino nas condicións que se aceptaron da Zona Franca, si Sra. Caride, de ser a principal impulsora tamén de asinar un convenio coa Xunta de Galicia, a Zona Franca e o Concello de Vigo que despois se demostrou que era un simple xesto electoral para intentar conseguir un rédito que despois gracias para tódolos galegos/as e vigueses/as non lle serviu de nada porque perderon as eleccións e gobernou o Partido Popular, diso é do que ven agora aquí a presumir? Non mire Sra. Caride, aquí leccións ningunha, a realidade é que se asinou un convenio entre tres administracións, un convenio, insisto,

leonino. E a realidade que temos aquí, anos despois da sinatura dese convenio diga vostede o que queira dicir, é que hai unha administración que se preocupou por buscar o canal para cumprir ese convenio e para que o Campus do Mar sexa unha realidade en Vigo para os vigueses e hai outra administración, o Concello de Vigo que o único que fixo foi incumplir o convenio sen facer nada absolutamente, nada para intentar cumprilo porque, canto pagou o Concello de Vigo dese convenio Sra. Caride, díganolo aquí no Pleno, pregúntello aos concelleiros que son representantes na Zona Franca, canto pagou o Concello para cumprir ese convenio? Cando hai problemas e dificultades para quitar adiante os proxectos hai dúas opcións unha, sentarse nas administracións para chegar a un acordo e buscar unha vía para que os cidadáns poidan ter un proxecto que veñen esperando dende hai anos e anos ou sentarse, cruzarse de brazos, incumplir o convenio, por certo, non é o primeiro que incumpre o Alcalde de Vigo, parece ser que xa é unha costume e en cambio boicotear e bloquear o acordo entre tres administracións e vostede debería ser a máxima impulsora deste convenio polo que afecta á Universidade de Vigo, xa que non nós valeu para nada de conselleira para Vigo sendo ademais conselleira de Infraestruturas que puido traer moitas cousas para esta cidade e non trouxo absolutamente nada, só promesas incumpridas, xa que non nos valeu para nada, polo menos intente vostede convencer ao Alcalde de Vigo que cumpra este convenio e que desbloquee o proxecto do Campus do Mar, pídlle que faga exactamente seguro do que está vostede convencida e non lle deixan.

Agora parece que tiñamos unha porta aberta, parece que o Alcalde de Vigo dixera “onde dixen digo, digo Diego”, parece que rectificara e estaba a favor de que finalmente se desbloqueara e trouxera ese convenio para Vigo e garantir que a Universidade de Vigo desenvolva o Campus do Mar en Vigo, non sei se é que a súa intervención vai en contra do que parece que insinuou o Alcalde nestes dous últimos días ou se que outra vez imos dar marcha atrás, non o sabemos porque é que aos vigueses nos teñen vostedes moi desconcertados porque se poñen en modo bloquear, en dicir a todo non porque si, só porque estea a Xunta de Galicia implicada, logo teñen unha semana que aplican o modo rectificación, a ver se continúan nese modo, e agora nos traen outra vez aquí unha moción absolutamente carente de senso e de contido.

Sra. Caride, hai que ser serios e dende o goberno da cidade hai que traballar pola cidade, non en contra da cidade como están a facer vostedes nos últimos meses, pero se os propios concelleiros representantes no Consorcio da Zona Franca, no Comité Executivo votaron a favor deste convenio e logo deron marcha atrás, non, eu creo que se vostedes teñen a vontade de que a Universidade de Vigo desenvolva aquí o Campus do Mar o que deberían facer e por iso pedímosllo e con todo o ánimo construtivo porque queremos quitar adiante o Campus do Mar, porque o Partido Popular quere quitar adiante o Campos do Mar, e por iso presentamos unha emenda que esperemos que vostedes apoiem se realmente queren ese Campus do Mar, deixen de bloquear este convenio, que o Alcalde de Vigo convoque o Pleno da Zona Franca, que deixe que utilizar un estatuto franquista para bloquear un acordo democrático porque non ten a maioría no Pleno, e que leve este convenio, que o desatasque e ademais pidámoslle á Xunta de Galicia que siga apoiando o Campus do Mar e que siga apoiando á Universidade de Vigo. Eu estou convencida de que a Xunta de Galicia vai apoiar á Universidade de Vigo e vai seguir apoiando o Campus do Mar, a pregunta aquí é, o Concello de Vigo vai apoiar á Universidade de Vigo e ao Campus do Mar? Veremos.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que o que rea leonino era aquela actuación na que estaba prevista construír vivendas a gogó, vivendas libres fundamentalmente na Zona Franca, na parcela da Etea, iso é o que lle molestou realmente ao Partido Popular, que se transformara un ámbito estritamente de especulación nun ámbito dotacional público, e o convenio está medianamente claro e léolle a cláusula sexta que di explicitamente “na circunstancia de que antes do 31 de decembro do 2015 o Concello non tivera materializado o compromiso previsto na cláusula anterior, a Xunta de Galicia para garantir a utilidade pública e o equilibrio patrimonial das tres partes asinantes, comprométese a incluír o Plan Sectorial e o sistema de actuación por expropiación”, polo tanto, todo aquilo que a día de hoxe non é titularidade da Xunta de Galicia o que ten que facer a Xunta de Galicia é expropialo, e despois cederllo ao Concello porque no Plan Sectorial aparece claramente que todas esas zonas deportivas, viarias, dotacionais para parques, etc, teñen que ser do Concello de Vigo, polo tanto, ata aí nós estamos totalmente de acordo, Sra. Muñoz, pero vostede non sabe o que acordou? Mire que vostede xa era conselleira de Facenda

o 21 de marzo do ano 2012, vostede aprobou o Plan Sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Campus do Mar, e vostede mesma dicía que no caso de que non estivera expropiado, non fora de titularidade da Xunta de Galicia vostedes mesmos dicían que tiñan dous anos para expropiar, o prazo remata o 31 de decembro do ano 2017, polo tanto, quedan uns meses.

O compromiso do Concello de Vigo co Campus do Mar e medianamente claro, tanto é así que o Alcalde acaba de dicir que logo de aprobar esta moción e enviala á Xunta de Galicia dámoslle 5 días á Xunta de Galicia para que rectifique, e senón buscaremos outra solución. A barbaridade é a súa Sra. Muñoz, eu amósome claramente sorprendida, voulle dar porque ao mellor vostede non o ten, e ao representante de Marea de Vigo tamén a copia do contrato onde asinan fronte a un notario de Vigo a escritura de propiedade, os terreos son da Xunta de Galicia, cal é motivo polo que vostedes queren devolverlle cartos á Xunta de Galicia, e que eu non o podo entender, di vostede que durante estes anos intentou promover o Campus do Mar, pero se levan dende o ano 2009 sen facer nada, oito anos para bloquear o Campus do Mar, e agora intentar que a Zona Franca llo recompre, e que este é o mundo ao revés, unha propiedade dunha persoa que ten a obriga de desenvolver ese proxecto, pide que outro llo recompre para que polo camiño llo ceda a outra administración, sinceramente o Reitor da Universidade de Vigo recoñeceu que se equivocou porque confiaba en que existía un famoso informe que non existe por ningún lado e que o enganaron e que cría na lealdade institucional e ese non existe coa Xunta de Galicia.

Sra. Muñoz, vocación toda de colaborar pero a cada un o que é del e non podemos pagar os vigueses os terreos que ten que expropiar a Xunta de Galicia.

PRESIDENCIA: Quedando rexeitada a emenda presentada polo Partido Popular imos ditaminar a moción do grupo Socialista.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista,

señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2017 (Rex. Nº 1533/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

7(50).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de xaneiro de 2017 e 22 de marzo de 2017.

8(51).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de xaneiro de 2017 e 22 de marzo de 2017.

MOCIÓNS.

9(52).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CONCRETAR AS CONDICIÓNS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS E LEVE A CABO UNHA PROPOSTA DE CIDADE DEPORTIVA PARA O REAL CLUB CELTA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1534/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2017, número 1534/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Fai máis de dous meses, e ante o debate que se estaba a xerar na cidade en torno ao futuro do Real Club Celta de Vigo e ao uso do Estadio Municipal de Balaídos, o grupo municipal do Partido Popular puxo enriba da mesa unha solución a estudar e analizar: a posibilidade dunha concesión administrativa do Estadio ao Celta. Deste xeito, garantiríase a titularidade municipal de Balaídos ao tempo que se outorgaría á entidade a flexibilidade necesaria para xestionar a infraestrutura.

Desde entón e ata hoxe, temos reiterado en numerosas ocasións esta proposta, e mesmo propuxemos a celebración dun pleno extraordinario para abordala en profundidade. Sesión plenaria que, cómpre lembrar, foi contraprogramada polo goberno municipal convocando outro pleno media hora antes co obxecto de desviar a atención.

Este silencio do executivo local rompeuse fai apenas 10 días cando o alcalde de Vigo aceptou como boa a nosa proposta de concesión administrativa. Sen embargo, ata o de agora o rexedor non ten concretado nada en torno á mencionada proposta, máis alá dun posible período de tempo de 50 anos.

Nada sabemos, non obstante, sobre o canon que levaría aparellada dita concesión, nin moito menos sobre outro tipo de xestións imprescindibles para o seu desenvolvemento. De feito, a propia grada de Río ten nestes momentos unha concesión a 13 anos do Consorcio da ZFV ao Concello, polo que cómpre sentarse a dialogar.

Estes e outros factores no desenvolvemento da proposta supoñen un claro

termómetro da verdadeira vontade de garantir a permanencia do Real Club Celta de Vigo en Vigo. E polo de agora, este termómetro no caso do Goberno municipal parece estar baixo cero.

Neste contexto, desde o grupo municipal do Partido Popular agardamos que dito anuncio non sexa só iso: un anuncio. Algo ao que, por desgraza, nos ten acostumado o alcalde, máis se cabe, aínda, no tocante ao Real Club Celta.

Así, por exemplo, unha simple ollada á hemeroteca basta para comprobar como a Cidade Deportiva do Celta, tamén de actualidade nestes días, e tantas veces prometida polo alcalde, sigue sendo iso: unha mera promesa que non se concretou nunca.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Goberno municipal a concretar de xeito inmediato as condicións da concesión administrativa do Estadio Municipal de Balaídos para o Real Club Celta de Vigo
- Instar ao Goberno municipal a concretar e levar a cabo unha proposta de Cidade Deportiva para o Real Club Celta de Vigo.”

No transcurso do debate, o voceiro do grupo político municipal Socialista, Sr. López Font, presenta a seguinte emenda “in voce” a incluír no parágrafo segundo do acordo:

“Instar ao Goberno Municipal a concretar, de acordo co Celta e no marco da legalidade, e levar a cabo unha proposta de Cidade Deportiva para o Real Club Celta de Vigo.”

A anterior emenda é aceptada polo relator da moción, Sra. Muñoz Fonteriz.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Pídlle a tódolos concelleiros/as de tódolos grupos que imos respectar as quendas de palabra, senón con moita calma interromperemos o

tempo de exposición, haberá silencio e cando haxa silencio continuaremos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A ver si volve a seriedade e o rigor a este Pleno despois da representación que nos fixo a Sra. Caride, que por certo, parece un pouco nerviosa, creo que podemos estar e debater con toda a tranquilidade pero claro a conciencia é algo que é difícil de evitar sen alterarse.

Nesta cidade a parte do tema que acabamos de debater, o tema do risco que houbo de que a Universidade de Vigo e non digo eu, dio o propio reitor da Universidade, elixira outro sitio diferente a Vigo para desenvolver o Campus do Mar, ese risco provocado pola absoluta inacción deste goberno por moito que nos queira vender outra cousa, ese risco tamén o vivimos co Celta de Vigo durante moitos meses, hai moitos meses que o propio Presidente do Celta puxo de manifesto o risco que había de pervivencia do Club no medio e longo prazo, e para iso pedía solucións e propoñía as súas solucións pero estaba aberto a debater outras posibilidades.

En todos estes meses, pasaron cinco meses, asistimos ao absoluto silencio deste goberno municipal, non se deu nin unha resposta, nin unha explicación, non se fixo nin unha soa proposta de que é o que ia facer o goberno municipal para evitar perder ao Celta e garantir a viabilidade do Celta no medio e no longo prazo, e non só non dixo absolutamente nada senón que cando outros grupos municipais, en concreto o grupo municipal do Partido Popular, poñía proposta enriba da mesa e pedía ademais un Pleno extraordinario para debater sobre unha preocupación que está na rúa, señores do goberno municipal, porque ultimamente lles falla un pouco pisar a rúa e escoitar as preocupacións que teñen os vigueses/as, lles recomendo que o fagan, que se baixen un pouco do coche oficial para escoitar o que din os vigueses, en vez de debater aquí no seno do Pleno que é onde están representados tódolos vigueses/as e que eu creo que se merece un respecto moito máis dende logo do que lle ten o Sr. Alcalde ultimamente que convoca Plenos para contraprogramar, cambia de data, de día os Plenos rompendo un consenso histórico e cambia de data para que se realice os mércores e logo curiosamente chegamos ao Pleno do mércores, abre a orde día, levántese e vaise coa presidenta da Deputación, este é o concepto que ten o Sr. Alcalde da democracia, da importancia que teñen os Plenos do Concello, pero aquí estamos a debater unha

vez máis sobre o futuro do Celta de Vigo, insisto, despois do silencio, da contraprogramación, de darlles as costas ao Celta de Vigo, por fin polos medios de comunicación, iso si, coñecemos que están a traballar ou vanse poñer a traballar nunha concesión ou curiosamente a mesma proposta que puxera enriba da mesa o Partido Popular hai xa dous meses, na reunión co presidente do Real Club Celta, o Sr. Mouriño.

Porque o Partido Popular, a diferenza deste goberno municipal, deu a cara e cumpriu coa súa responsabilidade que é poñer enriba da mesa unha solución para debater e que permitía dúas cousas, en primeiro lugar, manter a titularidade do campo municipal que é o que queremos tódolos vigueses, e en segundo lugar, garantir esa viabilidade económica futura do Celta, non nos deu medo dar unha proposta, poñer unha proposta enriba da mesa, cumprimos coa nosa responsabilidade, non non escondemos como fixo o goberno municipal todos estes meses, pero insisto sorprendentemente a semana pasada que debeu ser a semana da rectificación do Sr. Alcalde porque rectificou coa Universidade de Vigo e co Celta de Vigo, parece ser que a concesión é a vía, acepta e recoñece que a vía proposta polo Partido Popular é a mellor, pero máis alá do anuncio publicitario agora queremos concrecións, señores do goberno, queremos que nos digan en que exactamente están a traballar porque exercer a responsabilidade do goberno non é facer anuncios publicitarios, non, logo hai que cumprir, poñerse a traballar, redactar as condicións e iso é no que vostede fallan estrepitosamente. Por iso, traemos unha vez máis esta moción, porque queremos que nos expliquen cal é prazo da concesión, queremos que nos digan cales son as condicións de uso que lle van propoñer ao Celta, que canón van poñer, se vai ser un canón en efectivo ou se vai ser a cambio de investimentos do Celta na cidade, con obras, en definitiva, moitas preguntas no aire ao que se lle engade outra, van vostedes dar unha solución ao Celta cos terreos da Cidade Deportiva por fin? Unha que se cumpra, non unha mentira máis da que xa estamos acostumbrados nos últimos anos, espero que todas estas preguntas teñan unha resposta e que se vexa que realmente están a traballar en serio e que se toman en serio o futuro do Celta na cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Este grupo municipal ten serias dúbidas de que o Real Club Celta teña que encher dous Plenos extraordinarios e parte dun Pleno ordinario,

seguimos pensando que esta cidade ten moitas cuestións urxentes que deberían tamén ter a importancia ou polo menos semellante á que ten este club, esta sociedade privada nos últimos meses, e sobre todo porque cada vez que falamos deste tema, das dotacións deportivas que recorrentemente o Real Club Celta vai solicitando, o único que non fala é o Club e nós queríamos tamén saber, máis alá desa proposta inicial que xa sabe o propio Club como descartada, de adquisición do estadio municipal, nós queremos saber que quere facer o Celta, entre outras cousas non só con respecto á reforma de Balaídos ou á Cidade Deportiva, para nós agora mesmo non limbo sen Plan Xeral, no seu día situouse ou se propuxeron as alternativas de situalo primeiro en Bembrive pero tamén en Valladares, pero sen Plan Xeral a Cidade Deportiva entendemos que non ten encaixe, esperemos que non se considere un proxecto de interese supramunicipal e que non se considere tampouco pois que ten un interese público evidente. Polo tanto, sen Plan Xeral podemos elucubrar onde vai ir esa Cidade Deportiva pero por agora está nun limbo, pero nos gustaría saber que quere facer o Celta, porque a nós si que nos parece interesante a proposta de unha concesión administrativa, polo menos porque vai ter retorno económico para a cidade, xa sei que se di recorrentemente que o Real Club Celta ter un retorno en miles de millóns de euros para a cidade, iso habería que cuantificalo porque nós máis alá do que pode significar para o sector da hostalería pensamos que non é así, e exemplos de clubs de fútbol hai que nese suposto infinito retorno económico ás cidades, ao final o que deixaron foron débedas que asumiron os concellos, Real Murcia no seu día, o Real Oviedo que ao final os concellos incluso o Córdoba tiveron que asumir gran parte de gastos derivados da desaparición de determinados clubs, ou da xestión económica privada que tiñan os antigos consellos de administración.

Polo tanto, nós queremos saber que quere o Celta, que se lle vale a fórmula de concesión administrativa porque entón si que nos interesaría poñerlle números enriba da mesa, canto custa utilizar un estadio municipal en réxime de usufruto, canto vai asumir e está no propio convenio asinado entre o Real Club Celta e o Concello de Vigo, canto vai asumir o Real Club Celta de Vigo á reparación de Balaídos, dicíano e a nós o propio Presidente o Sr. Mouriño nos dixo que eles estaban dispostos a asumir unha parte da reparación do estadio, reparación que está a custar a dúas administracións un importante montante económico, pois ao

mellor a pregunta témoslla que facer ao Celta, se lle vale a fórmula da concesión administrativa e polo tanto canto vai a pagar aos vigueses/as por esa concesión que obviamente pode ter un tempo de amortización importante ou interesante para os investimentos que faga o Real Club Celta pero tamén as administracións na reforma de Balaídos e polo tanto, esa sería unha cuestión tamén para tratar neste Pleno e saber se realmente o Real Club Celta está de acordo na fórmula xurídica que efectivamente foi proposta no seu día polo Partido Popular, que foi negada polo goberno e que agora volve a resucitar de entre os mortos e parece por arte de maxia que é unha proposta do goberno, nós dicimos que si, que pode ser unha proposta interesante porque sobre todo vai permitir recuperar os investimentos públicos que fagamos neste estadio municipal que utiliza en réxime de usufruto.

E a cuestión da cidade deportiva non é un tema menor, tamén teremos que definir que modelo de Cidade Deportiva lle queremos facer ao Celta, porque se queremos facer unha Cidade Deportiva como a do Real Madrid é moi fácil, o Real Club Celta que adquira uns terreos e ese terreos en titularidade propia, pode ser en réxime tamén de determinadas vantaxes que moitas veces as administracións públicas dan aos clubs de fútbol para estas dotacións deportivas, pois o Real Club Celta leva adiante o proxecto pagando eles como pagou o Real Madrid, é certo que nun primeiro momento había uns terreos na Castellana que o importe das operacións urbanísticas que se fixeron na Castellana permitiron investir na cidade deportiva do Real Madrid ou se imos ao modelo de Cidade Deportiva, asumida polo municipio que polo tanto é unha cidade deportiva que é titularidade municipal e que pode ser utilizada tamén polos clubs da cidade como fixeron algúns equipos máis modestos como o Villarreal que efectivamente tamén hai un investimento público e permite utilizar dende o punto de vista municipal, esas infraestruturas.

Teremos que definir tamén que o Real Club Celta que quere facer coa Cidade Deportiva e para que modelo porque se o modelo é o uso privativo dende logo estará no balón do club e do investimento que faga o seu consello de administración, pois ter esa Cidade Deportiva para as funcións que non todas son deportivas, hai tamén hostaleiras e función que non son estritamente futbolísticas.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz utiliza moito o termo paradoxal e a min si que me

resulta paradoxal o que vostede sexa capaz de falar de xestión como conselleira cando vostede foi conselleira, e creo que debería reflexionar sobre o balance do seu cometido sobre conselleira porque para esta cidade foi moi negativa, e pesa sobre as súas costas o informe de que nesta cidade teñamos hospital privado e aínda non veu a demostrarme o contrario aquí.

Indo á moción, esta é unha moción da inconsistencia Sra. Muñoz, é vantaxosa, partidista como a a maioría que traen vostedes pero é baseada na infantilismo político, con esta moción o que quere vostede dicir é eu díxeno primeiro, como soen facer os nenos.

O Celta de Vigo para nós é un tema de cidade, que vai máis alá da cuestión partidista e é un tema debatido nos Plenos de 13 de marzo, é dicir, tan só hai dúas semanas, nesas Pleno se puido comprobar a folla de servizos co Celta, a súa e a nosa, a do Alcalde e a deste goberno é absolutamente inmaculada, dende o concurso de acredores a toda a colaboración posterior á decisión de renovar completamente o estadio, é dicir, de ter un novo estadio no que vostedes nunca trataron de involucrarse. Folla de servizos do Partido Popular, a súa, xusto a contraria, porque xusto hai 13 días, dúas semanas aquí vostedes non apoiaron que o estadio se remate canto antes, vostedes non votaron a favor de que Xunta de Galicia achegase as cantidades que esta cidade se merece, que o Celta se merece e que a Xunta de Galicia apoiou a outras cidades. Vostedes non votaron a favor de que Zona Franca se involucre no desenvolvemento deste estadio e veñen hoxe con esta moción? Se esta moción é o mesmo que o que nós propuxemos como emenda o 13 de marzo? E vostede rexeitouna, é o mesmo, polo tanto, convén que vostede o lea.

En Vigo hai dez anos imponse un proxecto de cidade que transcende de partidos e de persoas, é certo que este proxecto xira entorno ao Alcalde e que é o Alcalde o que logrou o apoio maioritario que é onde se consegue nas urnas, eu voulle dar un consello, convén que se lea con detalle o discurso de antonte do Alcalde, son escasamente catro páxinas e é vostede precisamente a persoa que debería ler en profundidade ese discurso, recoméndollo encarecidamente porque é un lectura que certamente necesita e estamos nun proxecto de cidade, no que nós nos Plenos que se realizaron o 13 de marzo dixémolo moi claro e o propuxemos, que queríamos garantir ao Celta a viabilidade, o estadio e garantir unha Cidade

Deportiva e niso, Sra. Muñoz, estamos a traballar, e cando un goberno serio como este traballa e dunha forma moi seria e concienciada o que hai é que respectar o traballo deste goberno. E vostedes en relación co Celta non teñen absolutamente ningunha lexitimidade porque estiveronse cachondeándose, literalmente, da reforma do estadio porque vostede debe lembrar o que dixo o Presidente do Celta de vostede e da súa actuación política, por iso nos medimos cada un Sra. Muñoz. E nós estamos traballando pero dende hai moito tempo, non dende estas dúas semanas nas que a vostede lle deu o fervor do Celta, non, levamos traballando dende hai moito, e nós fíxense se vostedes fano mal que nós apoiamos a súa moción, é certo que debe recoller un engadido que espero que vostede non teñan ningún problema e é no segundo punto cando se di “instar ao goberno municipal a concretar” e engadimos “de acordo co Celta e no marco da legalidade a levar a cabo unha proposta de Cidade Deportiva”.

Polo tanto, leccións ningunha porque os que non votaron aquí a favor de que de Xunta de Galicia e Zona Franca se involucren no Estadio de Balaídos e na pervivencia, dificilmente teñen dereito a falar deste tema.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Para non variar, nin unha soa resposta, nin unha soa concreción, nada de nada, Sr. Font, unha vez máis perdeu o tempo, cinco minutos facendo oposición á oposición, isto é máis do mesmo que vivimos no Pleno hai dez días no que non dixeron nada de nada, dende logo son absolutamente previsibles e o que nos tememos aquí é que só teñan vostedes o anuncio publicitario e non haxa nada máis detrás e que ese proxecto, esa concesión estea verde, moi verde e o que lles pedimos é que aceleren un pouco o traballo, contraten algunha asistencia técnica, algunha empresa externa que a vostedes lles gusta moito a ver se é capaz de quitar adiante o que vostedes con 17 concelleiros se ve que son absolutamente incapaces e notouse na súa intervención, cando as cousas non van ben fala vostede do hospital, quita vostede o informe fantasma, intenta descualificar a esta voceira porque é o único que saben facer cando non hai argumentos detrás e probouse unha vez máis que non hai argumentos detrás e que están moi doídos porque non se lles ocorreu a vostedes e porque non puxeron vostedes a solución enriba da mesa, foi o Partido Popular. Pero é curioso que me fale vostede de folla de servizos co Celta de Vigo, voulle falar da súa folla de

servizos co Celta de Vigo, voulle lembrar como no ano 2013 vostedes prometeron a Cidade do Celta en Valladares con anuncio publicitario polo medio e logo ao final non fixeron absolutamente nada, voulle lembrar tamén como un ano antes o Celta pediulles Bembrive para facer a súa Cidade Deportiva e vostedes lle dixeron que non e non fixeron absolutamente nada, tamén lles dixeron que non á posible ampliación da Madroa, lles dixeron que non ao proxecto educativo de fútbol no Colexio Fogar, non, non e non, non fixeron mais que dicirlle ao Celta que non en todos estes anos, son vostedes o goberno do non, o goberno dos problemas, non o goberno das solucións, son ademais vostedes un goberno lento, que non ten ideas, que non pon solucións enriba da mesa, por non ser capaces non son nin capaces de presentar tódalas mocións que lle da dereito o Regulamento, que son catro e só foron capaces de traer unha a este Pleno, xa non falamos de ordenanzas que son moi necesarias para esta cidade, por certo, a de terrazas aínda estamos a esperar por ela un ano despois Sr. Font, e vostede nos prometeu que era inminente, claro está vostede noutros temas e non está ao que lle compete, que é quitar adiante as ordenanzas da súa competencia.

En definitiva son vostedes un goberno lento, sen ideas e esta cidade necesita un goberno rápido que atenda ás súas necesidades, porque Vigo vai moi rápido, as súas necesidades van moi rápido e necesitan un goberno que estea á altura e vostedes están a demostrar que con esta maioría absoluta non están á altura, o Alcalde de Vigo coa súa ausencia flagrante nos Pleno a súa ausencia e no día a día da cidade non está á altura e este é un tema serio un tema non que hai que traballar e lles pido que se poñan a traballar, e lles esixo e lles pido o que lle están a pedir os vigueses, blinden vostedes ao Celta en Vigo, fagan o que teñan que facer, redacten dunha vez esa concesión, dea unha solución á cidade deportiva e en definitiva exerzan de goberno que é para o que lles votaron. Por suposto aceptamos a emenda.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista,

señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2017 (Rex. Nº 1534/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, incorporando a emenda do voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, quedando do xeito seguinte:

1º.- Instar ao Goberno municipal a concretar de xeito inmediato as condicións da concesión administrativa do Estadio Municipal de Balaídos para o Real Club Celta de Vigo

2º.- Instar ao Goberno Municipal a concretar, de acordo co Celta e no marco da legalidade, e levar a cabo unha proposta de Cidade Deportiva para o Real Club Celta de Vigo.”

10(53).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE DE VIGO A CUMPRIR COA SÚA PALABRA E COA SÚA SINATURA INCORPORANDO A VIGO AO TRANSPORTE METROPOLITANO E POÑER EN FUNCIONAMENTO A ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1535/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de

marzo de 2017, número 1535/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A creación da Área Metropolitana de Vigo foi un fito para a nosa cidade acadado grazas ao esforzo de todas as partes, cunha aprobación por unanimidade do parlamento de Galicia; coa implicación dos 14 concellos chamados a configurar un espazo potencial de 600.000 habitantes; e co compromiso de todas as administracións.

Coa constitución da Área finalizábase un largo percorrido que viña a paliar unha débeda histórica con Vigo. Pero sobre todo, nacía un instrumento chamado a mellorar de modo efectivo a vida dos cidadáns.

Por desgraza, a Área naceu en falso pola vontade do alcalde de Vigo, que rompeu todos os consensos acadados negándose a incorporar a Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano, condición indispensable para o correcto funcionamento do novo ente. Así o establece a propia norma na disposición adicional decimo primeira:

A efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo requirirá a previa integración efectiva do transporte urbano de Vigo no Plan de transporte metropolitano de Galicia, trala formalización do correspondente convenio de adhesión entre a Xunta de Galicia e o municipio.

Sen embargo, esta incorporación nunca se concretou, pese a que o 6 de xullo de 2016 o alcalde asinaba o convenio de incorporación de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano. Non obstante, máis de 9 meses despois daquela firma, a realidade é que Vigo, e por ende, os vigueses, seguen sen poder desfrutar das importantes vantaxes que outorga este servizo. Un grave prexuízo que pon de manifesto un dobre incumprimento do alcalde de Vigo: co convenio que el mesmo asinou; e coa lei da Área Metropolitana de Vigo, aprobada por unanimidade, cun consenso histórico, no Parlamento de Galicia.

Durante todo este tempo, temos asistido a un cúmulo de sucesos e escusas por parte do alcalde de Vigo, que remataron fai dúas semanas coa ruptura unilateral deste convenio, e por tanto co intento de rematar coa Área, por parte do rexedor, quen anuncio de modo sorprendente a posta en marcha un dun plan de transporte micropolitano a través da firma de 7 convenios con 7 concellos da Área.

Un plan que prexudica, unha vez máis, aos vigueses, que seguirán sen poder disfrutar das vantaxes do Transporte Metropolitano, abocados polo seu alcalde a pagar a denominada ‘Tasa Caballero’. Unha taxa que ascende, para cada vigués, a 1.000 euros ao ano nos seus desprazamentos metropolitanos.

Con esta decisión unilateral de incumprir o convenio, o alcalde rompe a Área Metropolitana e impide os importantes beneficios deste ente para os cidadáns.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao alcalde de Vigo a cumprir coa súa palabra e coa súa firma incorporando a Vigo ao transporte metropolitano, evitando así que os vigueses segan a pagar a “Taxa Caballero”.
- Instar ao alcalde de Vigo a rectificar para poder poñer en funcionamento a Área Metropolitana de Vigo.

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En principio temos que diferenciar a Área Metropolitana de Vigo e Lei da Área Metropolitana de Vigo de Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, porque aquí inflúen os dous conceptos, vostedes queren confundir, falan un pouco de metropolitano en xeral para que os vigueses non saiban ben as razóns desta moción e de porque non están no convenio pero imos explicalo ben e a ver se teño tempo neste cinco minutos.

A Área Metropolitana existe física, orográfica e socialmente, xa vivimos metropolitanamente hai moitos anos, somos unha cantidade de concellos no sur de Galicia que tanto imos dun concello a outro, nos movemos, Vigo échese cada día de case 6.000 persoas a diario doutros concellos limítrofes e o que se pretendeu por parte de tódolos partidos políticos en Galicia foi crear a Lei da Área Metropolitana de Vigo, é dicir, de darlle rango institucional e crear un ente para poder traballar e así poder garantir os servizos aos cidadás da área metropolitana que insisto, xa levamos facendo moitos anos, vivindo conxuntamente con Vigo por suposto, como piar principal e como foco e como a fonte principal desa área metropolitana.

Sempre sumando, esta Lei da Área Metropolitana apróbase por unanimidade no Parlamento de Galicia para sumar, paralelamente na Xunta de Galiciaponse en marcha o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que funciona en cinco áreas metropolitanas nesta comunidade autónoma e o que están adheridos 65 concellos, na área de Vigo este concello cando se asinou no mes de abril do 2016 o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia por parte de moitos concellos limítrofes,

quedouse fora, pero co tempo ao ver que isto funcionaba e que era un aforro para os cidadás da Área Metropolitana e que probablemente con algún fin electoral, algunha foto que lles gusta moito, decidiu adherirse o Alcalde de Vigo no mes de xullo, vimos unha luz porque por fin Vigo podería entrar nese Plan de Transporte o que supón é ter bonificacións nos billetes dos autobuses interurbanos e urbanos, o que supón o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia é fomentar o transporte público e aforrar no billete, é dicir, que cos nosos impostos podamos darlle facilidades aos usuarios para que poidan aforrar no billete.

Ese Plan de Transporte Metropolitano con Vigo nunca se cumpriu, o transporte urbano de Vigo segue sen estar integrado no Plan de Transporte Metropolitana de Galicia, unha medida totalmente excluínte que nos obriga a pagar aos cidadáns de Vigo unha cantidade superior ao resto dos cidadás de Galicia e por iso chamamos “taxa Caballero” porque somos os únicos que pagamos ese plus nos transportes que non tiñamos por que pagalo porque é un Plan de Transporte Metropolitano que ten que poñernos en igualdade de condicións a tódolos cidadás desta comunidade autónoma, ningún Alcalde de ningunha urbe galega negouse a aceptar este convenio, porque asinaron o convenio e o cumpren, o Alcalde de Vigo asinou o convenio e non o cumpriu e ademais recoñece que o asina e recoñece que agora vai rachar con el, é dicir, nun principio o asina, o incumpre, agora di que non o cumpre, isto non é serio, isto está claro que é un capricho persoal e nós neste sentido temos que insistir e non imos parar porque estamos nunha situación excluínte, é dicir, somos cidadás de segunda en Galicia, na Área Metropolitana de Vigo porque non temos o Transporte Urbano de Vigo bonificado.

Debemos saber ademais que a Constitución e posta en marcha da Área Metropolitana, da Lei da Área Metropolitana de Vigo, como ente institucional queda supeditada a que o transporte estea integrado por iso nós dende o Partido Popular non podemos aceptar que Área Metropolitana quedase constituída, hai unha cláusula que está clara na Lei que se aprobou no Parlamento que di “a efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo requirirá a previa integración efectiva do transporte urbano de Vigo no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia trala formalización do correspondente convenio de adhesión entre a Xunta de Galicia e o municipio”, e poden velo xa vostede con feitos, nós non temos bonificado o transporte urbano, non podemos empregar a

tarxeta de transporte metropolitano azul no Vitrasa. Polo tanto, non temos bonificado como vigueses o transporte urbano, por ese motivo non demos por válida a constitución da Área, por ese motivo agora o Alcalde di nun principio que ten unha Área Metropolitana cuns cantos concellos que si que lle apoian, di que está no Plan Metropolitano, de repente di que non está, en xaneiro presenta o grupo Socialista unha moción que di que “insta á Xunta de Galicia a recoñecer que o Concello de Vigo está integrado no Transporte Metropolitano de Galicia” non está integrado no Transporte Metropolitano de Galicia, pode poñerse como queira, non está integrado, hai que ler os convenios e hai que cumprilos.

Os vigueses temos que pagar de máis porque ademais escoito aquí frases de que a “Xunta de Galicia invita ao Concello a pagar”, non a Xunta de Galicia paga tamén a súa proporción, eu doulle as grazas a Cangas, a Porriño, a Mos, a Nigrán porque están a bonificarme como viguesa o meu transporte porque pagan o seu correspondente proporción, Vigo tamén ten que facelo.

SR. PÉREZ CORREA: Como chegamos ao epílogo do Pleno e como os medios de prensa escrita no epílogo están as necrolóxicas pois imos falar de necroloxía porque imos falar dun morto que vostedes do Partido Popular e do Partido Socialista decidiron por intereses que non teñen nada que ver cos intereses das viguesas/es, sacrificar, que se chama Área Metropolitana que lle deberían poñer unha necrolóxica seguramente porque creo que imos falar de algo que morreu e morreu por un montón de condicionantes que están enriba desta moción pero que tamén están en cuestións que temos expresado neste Pleno. Primeiro porque nin no Partido Socialista nin ao Partido Popular lle interesaba un ente metropolitano precisamente pola correlación de forzas que vostedes imputan tanto á Xunta de Galicia como á Deputación de Pontevedra, é tamén, porque hai cuestións enriba da mesa que teñen que ver coa concesión, repetimos xa é a terceira ou cuarta vez que o dicimos que ten que ver coa concesión do transporte urbano de Vigo que están condicionando precisamente a entrada do transporte urbano de Vigo dentro da Área Metropolitana. Hai cuestións nesta moción que non son certas porque o Partido Popular, entre outras cousas, non cuestiona só a entrada do transporte urbano de Vigo ao condicionante de que exista asinado un convenio e o condicionante de que ese convenio efectivamente estea funcionando, senón que o

escrito que o Partido Popular presenta cuestiona tamén a propia constitución da Área Metropolitana, incluso na cuestión da Mesa, na cuestión da Presidencia e na da consolidación da Área. Polo tanto, para nós se o Partido Popular só presentara un recurso no Tribunal de contratación pública, se presentara só a cuestión de como se interpreta ese convenio poderíamos entender que hai unha vontade de construír a Área Metropolitana, o escrito do Partido Popular dende logo inclúe o propio feito da constitución da Área que para nós era absolutamente esencial para evitar o que está a pasar hoxe, que a Xunta de Galicia aproveitando a súa maioría no Parlamento de Galicia diga unha cousa, que o Partido Socialista aproveitando a súa maioría neste Pleno diga outra e que o órgano onde tiñamos que estar a debater isto que non é aquí nin na Xunta de Galicia, que é o Pleno da Área Metropolitana, non se convoque xa nunca máis e que un Alcalde decida de maneira unilateral que el dissolve, hai veces que as cuestións presidenciais hai que eliminalas pero hai outras que son surrealistas.

Polo tanto, eu non me dou por disolto como concelleiro metropolitano ata que se convoque un Pleno e nos disolvamos, incluso hai grupos terroristas que fan roldas de prensa para facelo, non debe costar moito decidir disolvernos e que os partidos políticos abandonemos as armas neste conflito case terreal que temos construída coa Área Metropolitana, convoquen o Pleno, e no Pleno discutamos de como imos liquidar a Área Metropolitana porque dende logo non é o Concello de Vigo nin é o Parlamento de Galicia onde facelo, nos parece case un insulto despois de anos intentando constituílo.

Para facer isto non fixeramos un lei, simplemente fagamos o transporte metropolitano como teñen centos de cidades, chegamos a un acordo do transporte metropolitano, creamos un consorcio entre administracións e non facemos un lei, porque a lei non era para o transporte só, era para máis cousas pero como nos enrocamos na cuestión do transporte xa matamos a posibilidade de falar doutras cousas interesantes como era a auga, a recollida de residuos sólidos urbanos e outras cuestións.

En segundo lugar, a discusión que puxemos o Concello de Vigo e que estabamos de acordo moitos grupos presentes neste Concello, era que como integramos o transporte urbano co convenio leonino ou polo menos interpretable que asinou a Xunta de Galicia e o Concello que pode permitir que un cidadá entre dende Porriño

co seu coche particular e colla un Vitrasa e polo tanto a bonificación a esteamos pagando o Concello de Vigo pero curiosamente a alternativa do Alcalde de Vigo é asinar convenios bilaterais cos concellos que precisamente imos pagar os vigueses/as pois ese acordo ou esa bonificación con cidadás de Porriño ou de Cangas. Polo tanto, o problema que excluía a presenza do transporte urbano de Vigo no convenio agora si vale para 7 concellos, é exactamente igual o que está a propoñer o Alcalde de Vigo que o que está a propoñer o Partido Popular de que o transporte urbano de Vigo pague esas bonificacións que como saben vostedes temos que pagar aos vigueses/as polo cálculo da tarifa do transporte urbano e polo tanto eu quero saber se eses convenios bilaterais que se puxeron enriba da mesa albergan a posibilidade de que se aproveite no transporte urbano de Vigo e da bonificación que facemos en forma de tarxeta verde, un cidadá de Cangas porque entón eu si como vigués diría que estou a pagar tamén o que antes se negaba ou que era un motivo para non asinar ou non meter o transporte urbano de Vigo dentro do transporte metropolitano.

Para rematar porque eu creo que isto si daría para plenos monográficos de moitos días e se as cuestións derivadas da interpretación do convenio dixemos que nos valía a interpretación dun xulgado que está a tramitar unha denuncia formulada polo Partido Popular, esperemos e no momento que coñezamos esa interpretación, actuemos, pero non traíamos esta moción agora cando aínda non sabemos se a interpretación do Partido Popular ou do Partido Socialista para un xuíz é a correcta.

SR. LÓPEZ FONT: Hai que ter moi pouca vergoña para presentar esta moción, pero moi pouca porque a presentan os que se cargaron a Área Metropolitana, vostede está a facer un xogo de palabras sobre o transporte metropolitano, a integración e a validez da Área Metropolitana. O Convenio asinado polo Alcalde e por este Concello é este, convenio que non hai ningún motivo para non aceptalo, este convenio é o convenio da integración no transporte metropolitano e aquí só hai un responsable de que non haxa transporte metropolitano, é a Xunta de Galicia e o Partido Popular por iso digo que hai que ter moi pouca vergoña para presentar isto, pero ímolo explicar por enésima vez, este convenio é sobre transporte metropolitano, este convenio dálle o dereito a tódolos cidadás da Área Metropolitana a vir a esta cidade en transporte metropolitano coa tarxeta azul,

dálle dereito a facer unha viaxe de ida co seu transbordo, dálle dereito a facer unha viaxe de volta co seu transbordo para volver a súa localidade de orixe, pero vostedes pretenden o contrario, se o sabe todo o mundo, se vostedes o único que pretenden é que os cidadás da Área Metropolitana e de Galicia cheguen aquí, paguen 0,46 euros o Concello pola cantidade infinita de viaxes que vostedes pretendan e Vigo pague, claro que é isto barra libre, que o que vostedes están a dicir é barra libre para que o paguemos absolutamente todo os vigueses, repítoo o concepto de transporte metropolitano é vir dunha localidade a Vigo, moverse en Vigo ida e volta e volver a súa localidade, e vostedes o que pretenden é que sexan os vigueses os que pagamos absolutamente todo isto.

É certo que lles acusamos de que é o que pretenden, é moi certo porque é o que estiveron a defender, e vostedes do que terían que estar a favor é deste convenio que o Alcalde asinou, que o Concello de Vigo quere cumprir e que efectivamente os convenios que agora se di Sr. Pérez Correa, que se poden asinar cos concellos non son nada novo, non son nada distinto, é a materialización do que asinamos aquí pero cos concellos que están dispostos a aceptar as condicións de transporte metropolitano e que xa o aceptaron, polo tanto, non se produciu ningunha disolución Sr. Pérez Correa, o que se produciu é un recurso contra a constitución da Área Metropolitana neste xogo de palabras que está a facer o Partido Popular porque este si que non quería a Área Metropolitana, buscou escusas para que non houbera Área Metropolitana e a atoparon ou creron atopala no transporte metropolitano.

Pero aquí debatemos isto en varias ocasións e comprobamos que na última ocasión que o debatemos aquí, cal é a verdade de todo isto? E a verdade de todo isto é que me dirixo á Sra. Muñoz, como voceira do grupo Popular, que difundiu en nome do Partido Popular un panfleto que dicía o mesmo que este goberno, o que estamos a dicir aquí, á Sra. Muñoz dixéronlle que tiña que gardarse o panfleto e que tiña que deixar de difundir ese panfleto porque coincidía con este goberno e está é a realidade.

Pero Sra. Muñoz, démonos conta de cal é a realidade do transporte metropolitano, e a realidade do transporte metropolitano é esta foto, na que vostede está cos alcaldes da comarca da Área Metropolitana de Vigo é autenticamente significativa porque nesta foto só falaram a Alcaldesa de Mos e o Alcalde de Redondela, e

vostede permaneceu calada, e a Alcaldesa de Mos dixo que en caso de que vostede gobernase esta cidade se solucionaríaa porque Vigo pagaríaa todo, iso foi o que dixo e vostede calada nesta reunión co cal xa comprobamos e confirmado o que vostedes pretendían, pero sabe cal é o problema en relación co que dixo a Alcaldesa de Mos, que vostede non pode gobernar esta cidade porque milagres en política non hai.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Por orde, para empezar dicirlle ao Sr. Font que xogo de palabras si é o que fan vostedes porque si é verdade que este era un tema sinxelo para que a opinión pública entenda o transporte metropolitano, a Lei da Área Metropolitana e foi unha aclaración que ademais hai que facer moito e hai que explicar moito porque xa se desmonta totalmente as súas teorías e as súas explicacións e as súas frases ocas porque vostede con barra libre, xunta culpable, solucionan o problema e iso non é así, o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia xurdiu para toda Galicia coa intención, xa o dixen antes, de sumar, de potenciar o transporte público, de bonificarlle ademais o transporte á xente máis nova e de aforrar nos billetes aos usuarios, que pasa? Que hai 64 concellos en toda Galicia e só un que é o de Vigo di que a Xunta de Galicia é culpable que quere que paguemos todo, pero que fantochada é esta, a quen queren enganar? Están metidos nunha burbulla, Vigo neste caso, os cidadáns de Vigo e da Área Metropolitana de Vigo, pero os de Vigo tamén, non só os de Mos e os de Porriño, somos os que estamos a pagar o billete máis caro tendo, vivindo na mesma comunidade autónoma porque tamén estamos bonificados pola Xunta de Galicia, a ver se queda claro, non só vai bonificar unha parte o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia tamén vai bonificar a súa parte proporcional, a ver si isto queda claro xa dunha vez e así por fin cumpre o convenio que asinou porque ademais estou lembrando que unha antiga ministra socialista asinou un convenio tamén sen saber o que asinaba e vai custarnos 1.500 millóns a tódolos españois, por certo, entón seis follas de convenio poderíaa lelas o Alcalde antes de asinalas, xa levamos moito tempo con esta "matraca", xa está ben do da barra libre, da Xunta de Galicia culpable, o Sr. Feijóo cumpre ou non porque xa estamos bastante cansados desas frases valeiras. O Sr. Correa xa me adiantou cos convenios bilaterais porque isto xa é de risa, vou facer convenios bilaterais cos alcaldes dos concellos

metropolitanos que me apoien, que sexa da mesma liña que eu, que sexan de esquerdas, Marea pode entrar, do Bloque Nacionalista Galego quizais cos do Partido Socialista pero cos dos Partido Popular non farei ningún convenio bilateral, pero bilateralidade é esta? É un transporte metropolitano homoxéneo, a Área Metropolitana ten que ser homoxénea e que son os que poñen as barreiras aquí son vostedes, xa vivimos metropolitanamente, isto é unha maneira de darlle un sentido institucional á Área Metropolitana e temos que quitar as barreiras, en Vigo que facemos? Chegamos e atopamos unha muralla, vimos co tarxeta metropolitana dos demais concellos chegamos a Vigo e temos que quitar a verde porque temos que diferenciar entre cidadás de primeira e de segunda; os de primeira, os convenios bilaterais, os Socialistas, os de Marea, os do Bloque Nacionalista Galego; os de segunda, os que votan ao Partido Popular, os que teñen alcaldes do Partido Popular, iso é a antipolítica, antintegración e anticolaborativo e cooperación que tanto lle gusta ao Sr. Alcalde. Taxa Caballero non.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.03.2017 (Rex. Nº 1535/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto

consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

11(54).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO AO COLECTIVO ACAMPADO NA PRAZA DO REI.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Pregamos que este goberno reciba ao colectivo acampado na Praza do Rei e atenda as súas demandas.

12(55).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS OBRAS NA RÚA CAMELIAS.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu rogaría que alguén nos explicara que pasa co rúa Camelias, estase a levantar cada pouco tempo e os veciños preguntanse que é o que pasa na súa rúa.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

13(56).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO ÁS DEMANDAS DO COLECTIVO DE MERCADORES.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Vanse ter en conta por parte deste goberno municipal as demandas do colectivo de mercadores ambulantes expresada na xuntanza co concelleiro de comercio?.

14(57).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA , RELATIVO AO AUDITORIO MAR DE VIGO.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: O Auditorio de Mar de Vigo é un contedor cultural baleiro e deficitario e nos gustaría saber cando ten pensando o goberno municipal redactar un programa de actividades para ese recinto.

15(58).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , RELATIVO Á CONVOCATORIA DO CONSELLO SOCIAL SOLICITADO POLA FEDERACIÓN VECIÑAL

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Vai a convocar o goberno municipal o Consello Social solicitado pola Federación Veciñal para dar resposta ás persoas sen teito.

PRESIDENCIA: Acabada a quenda de preguntas, responderanse a todas por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.